

INSTITUTO "JOSÉ CORNIDE" DE ESTUDIOS CORUÑESES

CREACIÓN E ORIXINALIDADE
NA OBRA DO NATURALISTA SEOANE


DISCURSO LIDO POLO EXCMO.SR.


DON XOSÉ A. FRAGA VÁZQUEZ


Ao ser recibido como membro de Número deste Instituto durante a sesión pública, que se celebrou solemnemente o día 16 de outubro de 2007, na Sala Capitular do Palacio Municipal da Coruña e a contestación a cargo do Membro de Número EXCMO.SR.D.XOSÉ RAMÓN BARREIRO FERNÁNDEZ.



A CORUÑA 2007







INSTITUTO "JOSÉ CORNIDE" DE ESTUDIOS CORUÑESES

CREACIÓN E ORIXINALIDADE
NA OBRA DO NATURALISTA SEOANE

DISCURSO LIDO POLO EXCMO.SR.

DON XOSÉ A. FRAGA VÁZQUEZ

Ao ser recibido como membro de Número deste Instituto durante a sesión pública, que se celebrou solemnemente o día 16 de outubro de 2007, na Sala Capitular do Palacio Municipal da Coruña e a contestación a cargo do Membro de Número EXCMO.SR.D.XOSÉ RAMÓN BARREIRO FERNÁNDEZ.



A CORUÑA 2007

Dep. Legal: C 2228-2008

Imprime: Offset Valladares, s.l.

"CREACIÓN E ORIXINALIDADE NA OBRA DO NATURALISTA SEOANE"

Xosé A. Fraga Vázquez

1. INTRODUCCIÓN

Unha rápida viaxe virtual permitiríanos facernos unha primeira idea da entidade da obra de Víctor López Seoane. Un percorrido que poderíamos iniciar paseando polas salas de depósito dos principais museos de Historia Natural de Europa. Nesas estancias "cinzentas", alonxadas das vitrinas das chamativas exposicións cara ao público, entre a sucesión de numerosos frascos con milleiros de exemplares de seres vivos recolleitados ao longo de moitos anos, atoparíamos algúns procedentes da man de Seoane, quen remesou centos deles a esas institucións. O noso camiño podería continuar polos arquivos das principais sociedades científicas europeas adicadas ao estudo da natureza; alí figura Seoane nas súas listas de socios¹. Doutra banda, á hora de valorar a aportación dun investigador o elemento básico está constituído polas investigacións orixinais que deu á luz nas revistas especializadas prestixiosas. Se accedésemos ás bibliotecas que conservan esas publicacións do

1 Segundo os seus manuscritos formou parte das seguintes institucións: Sociedade entomolóxica de Francia (1855); Sociedade Económica de Granada (1858); Academia Médico-cirúrxica matritense (1862); Sociedade Entomolóxica de Stettin (1862); Sociedade de naturalistas Osterlandes Altemburgo (1862); Sociedade antropolóxica española (1865, socio fundador); Sociedade Real e Imperial Zoolóxico-Botánica de Viena (1865); Sociedade Xeolóxica de Francia (1867); Sociedade Española de Historia Natural (1872); Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago (1876); Sociedade Entomolóxica de Berlin (1876); Sociedade Entomolóxica de Bélxica (1877); Sociedade Entomolóxica Alemana (Berlin) (1879, fundador); Sociedade Entomolóxica Suíza (1879); *Real Academia de Ciencias exactas, físicas y naturales de España* (1893).

século XIX atoparíamos as intervencións de Seoane en diferentes idiomas². E nesa intensa actividade, tomou contacto con científicos do máximo nivel no ámbito das Ciencias Naturais, como Raphael Blanchard, Oskar Boëttger, Ignacio Bolívar, George Boulenger, Odón de Buen, Lorenzo Camerano, Charles Darwin, Anton Dohrn, Mariano de la Paz Graells, Albert Günther, Ernst Haeckel, Fernand Lataste, Baltasar Merino, Henri de Saussure, Franz Steindachner, Maurice Willkomm, etc. O recoñecemento do seu labor viuse plasmado, entre outras cousas, co nomeamento como un dos secretarios do primeiro Congreso internacional de Zooloxía, celebrado en París en agosto de 1889³. Desde logo, segundo os datos amosados nesta rápida revisión, non son moitos os científicos e/ou intelectuais destas latitudes que acadaron o protagonismo de Seoane. Falariamos, inicialmente, do naturalista galego coa aportación científica máis valiosa, un taxónomo salientable na Zooloxía europea do século XIX.

Os precedentes do coñecemento científico están presentes ao longo da historia da humanidade, pero a ciencia moderna, tal como hoxe a entendemos, é un produto de curta vida, pois arrinca no século XVII. Seoane desenvolveu o seu labor no XIX, un período no que a sociedade europea observaba con confianza e optimismo o futuro que lle deparaban os continuos achádegos científico-técnicos, considerados como auténtica vangarda do desenvolvemento social, económico e ideolóxico, como recollía o noso paisano Ramón de la Sagra nos seus escritos⁴. Unha visión inocente na que a Ciencia aparecía como unha luz que medraba progresivamente e nese crecemento

2 En alemán na *Stettiner Entomologische Zeitung*; en francés nos *Annales de la Société Entomologique de la Belgique*, no *Bulletin de la Société Entomologique de la Suisse* e nas *Mémoires Société Zoologique de la France*; en inglés en *The Zoologist* e en español na *Revista de los Progresos de las Ciencias* ou nos *Anales de la Sociedad Española de Historia Natural*.

3 A *Société Zoologique de France* foi a institución que impulsou a realización do Congreso. Noventaeseis coñecidos zoólogos constituiron un prestixioso *Comité de Patronage*; os tres españois eran Mariano de la Paz Graells, Ignacio Bolívar e Víctor López Seoane. A Mesa efectiva do Congreso tiña como un dos seus secretarios a Seoane (Fraga, 1989b).

4 Por exemplo, en Sagra, R. de la (1854). Le problème des forêts, au double point de vue physique et social. *Journal des travaux de l'Académie Nationale* (París).

acurrunchaba as tebras; e todo iso co esforzo dos desprendidos científicos que permitirían á humanidade acadar a liberación da ignorancia e supersticións e camiñar na satisfacción das súas necesidades. Unha arela que estaba na propia cerna da sociedade liberal, que xa no seu nacemento asociaba a ciencia e a liberdade, como cando Thomas Jefferson denominaba, en 1795, á liberdade: "[...] filla primoxénita da ciencia"⁵. Ou, como afirmaría por estes lares o profesor da Universidade de Santiago, Esteban Quet: "Paso, pues, a la libertad y paso a la Ciencia, que es su hija predilecta, así como su más poderosa áncora!"⁶. Como tal elemento de progreso, a ciencia avanzou en Galicia, como en moitos lugares de Europa, enfrontándose, aos poderes da vella sociedade, que utilizou as institucións que controlaba, coma a Igrexa e a Universidade, contra as novas propostas científicas; por iso, ciencia e pensamento progresista foron compañeiros inseparables ata ben avanzado o século XIX. Foi un tempo que expresou con elocuencia o noso grande escritor Manuel Curros Enríquez no seu paradigmático poema "Na chegada a Ourense da primeira locomotora", onde o tren, a "Nosa-señora de ferro", simboliza o triunfo dos novos tempos, da ciencia e a técnica, que traen "a fartura ¡ja luz i o progreso!"⁷.

Seoane viviu nesa época marcada polo enorme prestixio das actividades científico-técnicas⁸. O século XX encargárase de cuestionar ese papel

5 Carta a M.D. Inverniz, 6-II-1795.

6 Quet, E. (1868): *La Revolución de Septiembre, especialmente en lo que atañe a la enseñanza*. Santiago, Imp. Mirás, páxina 5.

7 M. Curros Enríquez (1888): *O Divino Sainete*. A Coruña, Imprenta Ferrer.

8 Participou activamente en eventos tan característicos dese tempo como as Exposicións, foros para o comercio, pero tamén para a difusión das Ciencia e das Técnicas, nos que o noso naturalista aparece como o científico peninsular con máis salientable presenza, acadando numerosos premios (Fraga, 1998b). Empezou participando en 1870 na Exposición do Liceo de artesáns de Ferrol. Tamén asistiu, entre outras, e sempre con premios, á de 1875 da Sociedade de Amigos do País de Santiago, á Exposición Rexional de Lugo de 1877, á Exposición local de A Coruña de 1878 e á Exposición Rexional de Lugo de 1896. Acudiu ás exposicións universais de Filadelfia (1876), París (1878 e 1889) e Barcelona (1888). Quizá a exposición máis relevante no ámbito científico foi a de 1889, cando o Goberno francés decidiu organizar unha magna Exposición como conmemoración do primeiro centenario da grande Revolución francesa (Fraga, 1989b).

mítico do saber científico. Algúns científicos e técnicos teñen participado en investigacións proxectadas para a destrución e/ou sufrimento da humanidade e xa non podemos identificar de xeito pleno ciencia con "Progreso", "Coñecemento" e "Bondade". Asemade, tras séculos de incompresións, de persecucións, a ciencia acadou un papel, un recoñecemento que propiciou unha posición de privilexio no *stablishment*, que estivo acompañado —en moitas ocasións— dunha chamativa ausencia de autocrítica⁹. En todo o caso, segue a ser unha ferramenta de coñecemento, de racionalidade e axuda fronte ás penurias humanas; poderíamos dicir, parafraseando o afirmado polo grande químico Antoine Lavoisier en 1784, que a ciencia atrae a xente polas dúas esperanzas que máis a conmoven, a posibilidade de prever o futuro e a de prolongar a existencia¹⁰.

Víctor Ramón López Seoane naceu o 28 de Setembro de 1832 en Ferrol, unha cidade que ten a súa orixe moderna no desenvolvemento da Armada¹¹. A creación da Real Compañía de Gardas Mariñas en 1776, converteu a localidade nun foco fundamental da cultura científica da Galicia de finais do século XVIII e inicios do XIX (Fraga, 1997)¹². O pai de Víctor era mariño; foi destinado á comandancia de Vigo, polo que o futuro naturalista estudou no Instituto de Tui, pasando a Santiago, onde obtivo o título de Bacharel en Filosofía en Xullo de 1851 e mantivo contactos con José Planellas (1821-1888), catedrático de

9 Véxase Hormigón, M. (1993). Ciencia y felicidad: A un cuarto de siglo del 68. *Lull*, 16 (30): 115-158.

10 Ao referirse ao éxito do "mesmerismo". Citado por Gould, S. J. (1993) "*Brontosaurus*" y la *nalga del ministro*. Barcelona, Crítica, páxina 180.

11 A data de nacemento aparece recollida no libro 8, folio 97, nº 384 da igrexa de San Francisco (Ferrol). Asemade, figura como pai Vicente López, nai Juana Seoane y Pardo; avós paternos, Domingo Antonio López e María Josefa de Santiago; avós maternos, Bartolomé Seoane e Francisca de Pardo Montenegro ("Certificación de partida de bautismo" emitida o 19 de novembro de 1991).

12 Entre o profesorado salientaría José Alonso y López (Ferrol, 1763-1824), autor da *Consideraciones generales sobre varios puntos históricos, políticos y económicos a favor de la libertad y fomento de los pueblos, y noticias particulares de esta clase, relativas al Ferrol, y a su comarca* (1820), texto moi valorado por Seoane.

Historia Natural da Universidade de Santiago¹³. Iniciou os estudos de Medicina en Madrid, que continuou en Andalucía desde 1857, onde prestou especial atención ás Aves da zona, desenvolvendo as primeiras investigacións orixinais; rematou a licenciatura en Santiago, en xuño de 1861.

Seoane foi un naturalista, estudou os seres vivos desde o punto de vista taxonómico, catalogando as variedades biolóxicas e buscando outras novas, non descritas pola Ciencia. O seu esforzo continuado pode exprésarse nos coarenta e dous anos que median entre o exame en 1847, en Tui, da garza real (*Ardea cinerea*) e a observación en 1899 do mascato común (*Sula bassana*) de Viveiro. Ese labor plasmoste en numerosas publicacións e na descrición de varios taxons de animais (novas especies ou variedades) e nos seus estudos botánicos¹⁴. Dun xeito parello, confeccionou importantes coleccións de seres

13 Seoane pediu o 23 de setembro de 1847, como "alumno del instituto de 2ª enseñanza de la ciudad de Tuy" (ms. 2524, Biblioteca Víctor López Seoane, BVLS), que se lle considerasen superados dous cursos de Filosofía; explica que foi atendido por profesores particulares e que por enfermidade non puido examinarse; o pai aparece como "Contador de Marina de la provincia y tercio natural de Vigo". Concédendlle matricularse en 2º ("Autorización de la Dirección de Instrucción pública para abono del primer año de Filosofía", 23 novembro 1847, ms. 2523, BVLS), polo que semella que Seoane estudou en Tui por ser o Instituto máis próximo. Despois pasou ao de Santiago, pois no 1847 só estaban operativos en Galicia os de Tui, Pontevedra, Ourense e Lugo.

14 Unha lista coas publicacións de Seoane aparece ao remate deste texto. Entre os novos taxons descubertos por él figuran en Insectos: *Ectobia brunneri* e *Stenobothrus sausserii* (1879); en Anfibios: *Salamandra salamandra galleica* (¿1884?: 1885), *Rana temporaria parvipalmata* (1885) e *Rana perezi* (1885); en Reptis: *Natrix natrix astreptophora* (¿1884?: 1885), *Podarcis bocagei* (Seoane, ¿1884?: 1885), *Lacerta lepida iberica* (¿1884?: 1885); en Aves: *Caccabis rufa hispanica* (1894). Tamén diversos científicos adicaron taxons a Seoane, como mostra de recoñecemento: *Dodarcadion seoanei*, Graells; *Cebrio seoanei*, Graells; *Acantholophus seoanei*, Simon; *Vipera berus seoanei*, Lataste (a pesares de que continuamente é sinalada, de xeito equivocado, como taxon descrito por Seoane); *Serratula Seoanei*, Willkomm. Asemade, herborizou numerosos vexetais, cos que constituiu valiosos herbarios (Carballal et al., 1992; Fraga et al., 1995; Dosil, 1997), pasou datos e información a importantes botánicos (Fraga, 1992b; Devesa & Viera, 2001), estudou diversos taxons, escribiu abundantes notas manuscritas e, mesmo, foi o primeiro mestre de Baltasar Merino (1845-1917) e axudou ao micrógrafo Ernesto Caballero (1858-1935) (Fraga, Varela & Costas, 1989).

naturais, que constituíron o museo particular máis importante de Galicia, e un dos máis salientables de España. Ese museo permaneceu moitos anos na *Casa Grande* de Cabanas (A Coruña) formando unha unidade coa biblioteca científica de Seoane e as súas notas de traballo. No ano 1972 a familia decidiu depositar a case totalidade das coleccións zoolóxicas ao coidado do Concello da Coruña¹⁵. Permaneceron expostas unha parte delas nos corredores do pazo municipal e outra gardada nos faiados; posteriormente, 1985, o material trasladouse á *Casa de las Ciencias* (A Coruña)¹⁶. A biblioteca científica e manuscritos foron despositados ese mesmo 1972 no *Instituto José Comide de Estudios Coruñeses*, milleiros de valiosas cartas e documentos, que inclúen anotacións de traballo, debuxos, catálogos, etc.¹⁷.

A nosa intención inicial nesta intervención era abordar unha cuestión concreta, o xeito como Seoane creou ciencia¹⁸. E dicimos "creación" porque entendemos que o científico é, en parte, un creador, un artista, pois fai xurdir, ou albisca, algo novo onde antes non era percibido ou se interpretaba doutro xeito¹⁹. A linguaxe escueta, o estilo e tradicións da comunicación científica presentan un mundo aséptico, un universo alonxado do que habitualmente

-
- 15 Ficando o Herbario no seu lugar orixinal ata datas recentes en que se depositou no Laboratorio de Botánica da Escola Politécnica de Lugo (Universidade de Santiago de Compostela).
 - 16 Segundo o Inventario inicial elaborado pola Casa de las Ciencias contabilízanse 10.747 exemplares, que corresponden a 95 Mamíferos, 226 Aves, 274 Réptiles, 246 Anfíbios, 30 Peixes e 9.303 Insectos ("Inventario de los materiales pertenecientes a la colección de D. Víctor López Seoane que se encuentra en la Casa de las Ciencias del Excmo. Ayuntamiento de La Coruña" Ayuntamiento de La Coruña, 1987).
 - 17 A importancia do patrimonio histórico-científico como recurso cultural e investigador vén sendo sinalada hai tempo; véxase, por exemplo, Fraga & Bugallo, 1990.
 - 18 Remitimos os interesados no conxunto do labor científico á bibliografía que acompaña este texto. Entre os estudos biográficos sobre Seoane debemos citar os de Pulido, 1874; Ovilio, 1883; Merino, 1907; López Perea & Ron, 1974; Ron, 1983; Fraga, 1992, 1993a, 2000, 2004. Asemade, existen numerosos artigos divulgativos publicados en xornais e revistas reivindicando a figura de Seoane; textos asinados por autores como Benito Vicetto, José López de la Vega, Félix Estrada Catoyra, Antonio López Perea, etc.
 - 19 "Investigar en ciencia es un poco como dedicarse al arte. El científico, como el artista, pasa por momentos de revelación cuando comprende por primera vez la ley que

entendemos por creación, pero detrás desa aparencia figura o estudoso como autor de novidades. Na Ciencia está presente, como en toda obra creadora, o esforzo humano por construír fronte ao inexistente e ao caos; un xeito de plantarlle cara e vencer –parcial e temporalmente– o tráxico destino humano. Asemade, noutro plano complementario, o científico pode ser considerado como creador en canto que deseña estratexias orixinais de investigación segundo os retos da época, as súas circunstancias, persoalidade e sentimentos. E como acontece coas expedicións emprendidas polo ser humano, o desafío ou aventura creativa abre grandes posibilidades de realización para os Ulises que a afrontan, pero a travesía científica tamén está inzada de riscos, suxeita a perigosos e perversos atallos na busca do éxito rápido, unha cuestión relevante –como veremos– na aventura científica do noso particular Odiseo-Seoane. Precisamente, a comprobación de que o naturalista recurriu a métodos espurios no desenvolvemento do seu labor científico, levounos a afrontar un segundo aspecto nesta intervención, a orixinalidade da súa obra²⁰. E para abordar os temas anunciados coidamos necesario iniciar a nosa análise considerando o proceso formativo do naturalista, o seu adestramento técnico e –algo básico na perspectiva proposta– a súa educación emocional.

gobierna un fenómeno, y la felicidad que siente en esos momentos no es comparable a casi nada en la vida" Pilar Hernández Gamazo (2005): "Buceando en el microcosmos" In Muñoz, E. (coord.). *La generación de la ley de la ciencia*. Madrid, CSIC, páxina 160.

- 20 O achegamento ás dúas cuestións comentadas veu facilitado por dispoñer de fontes pouco comúns, documentos persoais e notas de traballo do autor, que contrastamos cos textos publicados e a actividade científica do momento.

2. FORMACIÓN CIENTÍFICA

Entre as anotacións dos iniciais catálogos de insectos de Seoane figura esta: "Ejemplar recolectado por la señorita Cándida Seoane"²¹. Unha presenza que se repite nos documentos de traballo da súa primeira etapa. Así, por exemplo, no Catálogo de Aves, comenta (1857) as observacións sobre unha ave na ría de Ferrol e na Malata: "Debidos a la Srita. Da. Cándida Seoane Pardo Montenegro, la cual me acompañó todos los datos que llevo mencionados, así como lo efectuó con otras muchas especies de mi colección"²². Pouco despois, en carta de 3 de marzo de 1858, é Cándida quen lle indica que desecara un parrulo²³; e aínda en 1861 andaba a recoller os insectos encomendados por Víctor²⁴.

Esa atenta colaboradora era unha tía materna do naturalista, tía e madriña, un personaxe que pareceu exercer unha especial influencia no seu interese inicial polos seres naturais e, probablemente, no seus desexos de éxito²⁵. Algúns nenos e mozos poden sentir unha certa atracción polo mundo natural pero son poucos os que teñen a disposición persoal e/ou algún estímulo próximo que lles permitan dar o paso de acceder ao coñecemento directo, cunha certa continuidade e mínima metodoloxía. Na ausencia dunha activa vida social arredor do estudo da natureza que caracterizaba algúns países europeos (Allen, 1976), Cándida debeu constituír unha parte substan-

21 En "Catálogo Coleópteros. Ferrol, 1855", ms. 204, BVLS

22 Páxina 43 do Catálogo de Aves de López Seoane.

23 Entendía que o exemplar era diferente ao que o naturalista posuía. Tamén fala do arsénico que utilizou, indicando que lavou ben mans e nariz ao rematar, pero que lle quedaron doridas as unllas dos dedos uns días (carta de Cándida Seoane, Ferrol 3 de marzo de 1858, ms. 2664, BVLS).

24 "(...) pasan de dos docenas de los Carabus dorados y de otros, veremos si te sirven; también me trajeron orugas en el espíritu de vino, tengo dos y no sé si sirven" (carta de Cándida Seoane, Ferrol 13 V 1861, ms. 2649, BVLS).

25 Os padriños de Seoane foron Manuel Cándido e Cándida Seoane Pardo (segundo o libro 8, folio 97, nº384, igrexa de San Francisco (Ferrol) , "Certificación de partida de bautismo" emitida o 19 de novembro de 1991).

cial dese estímulo. O cómplice necesario que nos permite entender a frase que reproduce Seoane na *Reseña de la Historia Natural* de Galicia: "Dedicados desde la tierna edad de ocho años a coleccionar aves..."²⁶. O gosto pola natureza foi coallando cando o neno, acompañado pola súa tía Cándida Seoane a xeito de colega, percorría campos ferroláns en busca de animais. Acudía atraído pola marabilla da vida, interesado pola atenta observación, comparación de exemplares e formación de coleccións. Foi, polo tanto, un coleccionista vocacional axudado por un ambiente familiar favorable e receptivo. Unha aprendizaxe intelectual mesturada –polas circunstancias reseñadas– dese compoñente sentimental, emocional, que o acompañaría posteriormente. Xa desde neno sentiu que a súa plenitude vital pasaba polo goce do coñecemento da natureza. De aquí que cando a nai lle desexaba, nas cartas remesadas ao seu Vitiño, que fose feliz, é doado entender que iso incluía, para el, o desenvolvemento da súa vocación científica. Por iso, chegado o momento, rexeitou seguir a tradición familiar da carreira militar na Mariña e preferiu as aulas universitarias, sacando tempo dos estudos para adicalo ás observacións naturais.

Julien Offroy de La Mettrie (1709-1751) afirmou que a primeira utilidade das ciencias reside na súa propia práctica por parte do interesado, que denominou un ben real e sólido, pois "¡Afortunado o que ten o gosto polo estudo!"²⁷. Pero este mesmo autor completaba o seu comentario sinalando que "Máis afortunado é o que acada liberar por el [polo estudo] o seu espírito das [vans, falsas] ilusións e o seu corazón da vaidade". A biografía de Seoane amósanos que foi afortunado, pois desde moi neno tivo gosto polo estudo. Pero, como veremos ao longo desta exposición, non acadará a dobre fortuna á que alude La Mettrie.

Diciamos que algúns nenos e mozos viven a experiencia de amor á natureza, pero poucos chegan a facerse científicos. Coidamos que Seoane deu ese paso en Madrid, nos anos de estudante de Medicina, un período no que a súa formación científica e persoal cobrou unha nova dimensión. No

26 Seoane, 1866, páxina 37.

27 La Mettrie, J (1747). *El hombre máquina*. Edición de Editorial Valdemar, 2000, Madrid, páxina 43.

outono de 1852 accedeu a unha capital inmersa na inestabilidade política da monarquía isabelina e debeu vivir intensamente ese tempo²⁸. Unha cidade que albergaba unha reducida pero interesante colonia de galegos novos e inquedos; alí estaban amigos de Seoane como Manuel Murguía, Benito Vicetto ou Eduardo Pondal.

Chegou a Madrid nun momento clave da Historia Natural española, cando se estaba a abordar en serio a fase de catalogación (Fraga, 2001). Cómpre lembrar que o obxecto inicial, e fundamental, da Historia Natural é elaborar o inventariado dos seres naturais. Carl von Linné (1708-1878) estableceu as bases da moderna Historia Natural coas súas pescudas e propostas nomenclaturais, que permitiron artellar un sistema e linguaxe común para afrontar a catalogación da diversidade biolóxica, o inventariado do mundo natural²⁹. Os naturalistas, científicos adicados ao estudo taxonómico descritivo dos seres dos tres "Reinos" da Naturaleza, Fauna, Flora e Xea, asumiron ese labor desde o século XVIII. A catalogación irá acadándose, de xeito irregular, ao longo da segunda metade do século XVIII e primeira parte do XIX nos países máis adiantados de Europa. En España, foi unha tarefa que pre-

28 Un tempo de loitas entre distintas faccións do liberalismo. O mozo Seoane puido asistir á revolución de 1854, a "vicalvarada", coas rúas cheas de barricadas, a xente saíndo da corrida de touros ao son do himno de Riego, cara a Porta do Sol, e a chegada do xeneral Espartero para iniciar o denominado "bienio progresista". E observou, despois da experiencia de O'Donnell, a volta do moderantismo máis conservador. O mozo estudante entrou en contacto cunha sociedade filantrópica, *Museo Popular*; e, xa en 1853 encárgase da cátedra de Botánica, lendo, o 14 de novembro, un Discurso de apertura do Curso 1853-54. O lema da sociedade era: "Instrucción, moralidad y filantropía". Do ano seguinte, 1854, será a súa primeira publicación coñecida, sobre un grupo de plantas, en *La Nueva Estrella* (Seoane, 1854). Como vemos, ambas participacións teñen como tema a Botánica, o que pode ser debido á atención prestada a esta materia na estancia compostelán. Asemade, faise socio do Ateneo de Madrid, e acode ás actividades que esta institución desenvolvía sobre materias científicas; asiste, desde 1854, ás clases de Zooloxía de Juan Mieg e, no ano 1856, segue as de Juan Vilanova sobre "Geología aplicada" e de Laureano Pérez Arcas sobre Zooloxía (ms. 2681, BVLS).

29 Linné fixoo, ademáis, no momento oportuno, cando os países europeos se atopaban en plena expansión mundial e dispuñan de medios museísticos e/ou académicos para albergar coleccións e apoiar os estudosos.

tenderon abordar as elites científicas ilustradas e liberais, conscientes da necesidade de ir elaborando catálogos parciais que completasen un "catálogo nacional"³⁰. Os sucesivos fracasos colleitados provocaron que os naturalistas repetisen laios e chamamentos á misión pendente, un tema que tiña implicacións notables. Científicamente, a ausencia de inventarios actuaba como un claro freo para calquera estudo en profundidade da natureza e dos recursos asociados. Asemade, o desfase existente, supoñía un atranco para establecer unha mínima relación coas vangardas europeas. Pois ben, despois de decenios de abandono, será a partir da metade do século XIX cando se artelle un primeiro proxecto serio de catalogación en España. Os seus protagonistas foron, basicamente, os naturalistas próximos ao liberalismo en ascenso; uns, como o galego Casiano de Prado (1797-1866), superviventes do período liberal anterior; outros conectados cos seus restos, así ocorrerá, seguindo o ronsel de Lagasca, con Graells, Tornos, Carreño e Colmeiro e os seus discípulos, Pérez Arcas, Vilanova, etc³¹. O personaxe chave nese intento foi Mariano de la Paz Graells Agüera (1809-1898) (Fraga, 2001)³².

Seoane, diciamos, tivo a fortuna de chegar a Madrid nese momento de puxanza. Pero se aproveitou esa conxuntura favorable foi porque partía dunha sólida vocación e certo coñecemento, que unidos á disposición preci-

30 A institucionalización científica en España estivo moi supeditada aos avatares do seu soporte liberal e, polo tanto, ao complexo proceso de superación do Antigo Réxime.

31 Conectados con estes, pero co seu desenvolvemento específico, figurarían naturalistas cataláns como Yáñez e Llobet.

32 Un obxectivo que manifestou en diversas ocasións. Algunha de forma coloquial, referíndose a si mesmo como o que ía "*detrás de los pedruscos, plantas y animaluchos como dicen los profanos*" (carta de 1 de xullo de 1868 a Seoane, ms. 3113, BVLS). Pero manifestacións dese tipo eran comúns entre os naturalistas españois desde había decenios; o singular do momento é que Graells foi quen de artellar un plan específico que abranguía, a formación e/o dinamización de institucións relacionadas co estudo e ensino da Historia Natural e a creación de medios de difusión para a publicación dos catálogos elaborados. Un proxecto que implicaba o impulso do coleccionismo e excursionismo natural e o desenvolvemento dunha comunidade científica formada nas actividades e impulsora, asemade, da catalogación

sa para tratar con xente preparada, foron decisivos para a súa formación como naturalista. Polo ano 1854 xa trataba con algúns dos profesores universitarios especializados nos estudos naturalistas. Contactou co catedrático Graells, con quen mantería unha longa relación (Fraga, 1998a), e co discípulo deste, o profesor de Zooloxía Laureano Pérez Arcas. Por outra banda, establece unha singular relación co naturalista Juan Mieg, antigo "Profesor y Director del Real Gabinete de Física de SSMM "(Fraga, 2001)³³.

Nese contexto salientan as actividades de campo desenvoltas por Seoane en 1857, testemuño importante do rexurdir da actividade naturalista na metade do século (Fraga, 2001)³⁴. Nos seus manuscritos están contabilizadas 26 excursións realizadas en catro meses por diversas paraxes de Madrid e arredores, cunha duración que oscilaba entre toda a xornada e medio día³⁵. Os acompañantes foron Alfredo Brehm, Reinaldo Brehm, Ricardo Gómez Cortina, Theodor Apetz e Juan Mieg. A satisfacción con que viviu Seoane esas experiencias, nas que se xuntaba o goce do coñecemento compartido, a camaradería, co contacto coa natureza, apréciase nas descrições conservadas.

-
- 33 Mieg naceu en Basilea, Suíza, en 1779; estudou en Fribourg, Brisgau, Selva Negra, e marchou a París en 1798 para cursar Medicina. Na capital francesa permaneceu ata 1807, acadando unha sólida formación. Acabados os seus estudos, pasou a Valençy como profesor de física, química, matemáticas e linguas vivas. En 1814, coa familia real española en Francia, foi nomeado "Profesor y Director del Real Gabinete de Física de SSMM ", posto co que veu a España. Como naturalista confeccionou coleccións, debuxou e elaborou importantes textos divulgativos de Historia Natural. Dispuña de boas relacións con científicos europeos (Fraga, 2001; Fraga& Acha, 2004). A relación continuaría ata a marcha de Seoane de Madrid, en 1857, pouco antes da morte de Mieg.
- 34 Seoane xa realizara diversas excursións de estudo. Por exemplo, por Galicia, sobre todo na provincia de A Coruña, especialmente, pola zona de Ferrol e arredores; tamén por Castela (Valladolid, Madrid) (ms. 149, BVLS). Noutro documento, "Excursiones entomológicas y botánicas verificadas por V.R.L.S...." (ms. 219, BVLS), sinala 19 localidades e/ou lugares visitados na zona ferrolana, 9 de A Coruña, 10 de Santiago, etc.
- 35 Ms. 146 e seguintes, BVLS.

Así, por exemplo, fala da excursión que realizaron o 12 de marzo pola "Real posesión de la Casa de Campo":

Salimos por la carretera de dicha posesión y llegamos hasta la lechería en cuya fuente comimos ensanchandosenos el pecho de gozo al contemplar la naturaleza en su pureza; sentados al borde de la fuente y comiendo nuestras escasas provisiones, mirabamos a Madrid distante tres cuartos de legua (...) [con] indiferencia de su bullicio (...) nuestras almas apetecían más el murmullo del agua que se deslizaba suavemente a nuestros pies, el canto de las aves, del gallo, el bramido de los toros y para brindamos con sus encantos vinieron las inocentes palomas con esa timidez y candor que las son característicos a presentamos un cuadro mas alhagueño (sic) (...) en el campo, en la vida en fin de la naturaleza, todo está en armonía con este nombre.

A relación do ser humano coa natureza foi obxecto de numerosas reflexións ao longo da historia. Para algúns pensadores, como Paul-Henri Thiry, Baron d'Holbach (1723-1789), era preciso o "reencontro" de ambos os dous, pois entendía que a infelicidade do home débese á súa ignorancia da natureza³⁶. Para o grande Johann Wolfgang von Goethe "(...) o home coñécese a si mesmo só na medida en que coñece o mundo, do cal toma conciencia só en si mesmo como toma conciencia de si só nel"³⁷. Desde outras posicións, por exemplo, relixiosas, viuse o estudo da natureza acompañado dunha finalidade moral, como aconteceu cos naturalistas anglosaxóns partidarios da *Natural Theology*. Pero á marxe de valoracións teóricas, os estudosos da natureza, os naturalistas, adoitan sentir unha especial atracción polo seu labor. As palabras de Alfred Rusell Wallace, rememorando a captura de *Ornithoptera croesus* en Batchian, no arquipélago malaio, poden servir para expresar esa paixón: "(...) só un naturalista pode comprender a excita-

36 *The System of Nature*, 1770.

37 En "Bedeutende Fördernis durch ein Einziges Geistreiches Wort" ("Petición significativa por unha palabra intelixente"), 1823, in *Zur Morphologie*, II, 1, agrupado en Teoría general de la naturaleza na edición en castelán de Diego Sánchez Meca, *Teoría de la naturaleza*, 1997, Ed. Tecnos, Madrid, onde consultamos e ten orixe o texto citado, páxinas 211-212.

ción que sentin (...) o corazón comezou a latexarme con violencia, o sangue acudiu á miña cabeza e estiven moito máis próximo a desmaiar-me que se me asaltase o temor dunha morte inminente. Tiven dor de cabeza o resto do día...³⁸.

Esa emoción polo descubrimento e o goce do coñecemento compartido mestúranse nas experiencias de mocidade en Seoane, asentando o que era unha sólida vocación e proxectándoa como unha identidade vital de longo percorrido. Meses despois no nadal dese ano 1857, un dos compañeiros de excursións madrileñas, Ricardo Gómez Cortina, lembrará "(...) las muchas horas que hemos pasado en nuestra casa, y los muchos y alegres días que hemos ocupado en nuestras recolecciones científicas." E conclúe: "(...) la ciencia nos unirá más y más cada día aunque nos separe una inmensa distancia."³⁹ Ese mesmo espírito de amizade arredor da ciencia é expresado por outros dos acompañantes, Theodor Apetz, cando deixa Ferrol despois dun tempo de estancia: "(...) lonxe de ti e de Ferrol sempre me lembrarei con gusto dos días que tiveron o pracer de vivir contigo e coa túa moi apreciable familia, de estudar contigo as coleccións, que coa túa propia man, con moito traballo e en pouco tempo compuxeches e non desexarei máis que verte en Alemaña, na miña casa estudando coma os días pasados en Ferrol"⁴⁰.

A formación emocional de Seoane estivo acompañada dunha valiosa aprendizaxe técnica, sobre todo da man dos irmáns Brehm. Os importantes ornitólogos Alfredo Brehm (1829-1884) e Reinaldo Brehm (1830-1891) viñeran a España en 1856, acompañados do entomólogo Theodor Apetz (1834-1898), co fin de realizar unha exploración ornitolóxica dun territorio tan pouco estudado (Reig & Fraga, 2000). A pesar de seren todos mozos, os Brehm, e concretamente o brillante Alfredo, tiñan unha formación superior e ambos os dous exercerían unha notable influencia na educación científica de Seoane, nomeadamente en Ornitoloxía⁴¹. Por outra banda, nese tempo madrileño o

38 Cita extraída (orixinal en castelán) de Fernández Vidal, E. (1997): El "apolo que surgió del frío. *Bol. S.Entomológica Aragonesa*, nº20: 427-431, p. 427.

39 Nota de Ricardo Gómez Cortina. Madrid, 17 de diciembre 1857 (BVLS).

40 Nota de Theodor Apetz, Ferrol, 20 de septiembre de 1857 (BVLS). Orixinal en alemán.

41 Ao pouco de coñecelos, en xaneiro de 1857, o ferrolán comeza a redacción do seu "Catálogo de las aves observadas en España...", un caderno de traballo onde irá apuntando, durante catro decenios, as súas observacións e colleitas,

naturalista galego tamén estableceu relacións con outros que coma el se iniciaban na Historia Natural; así ocorreu con Fernando Amor, Joaquín González Hidalgo, Juan Vilanova, etc. Se a iso sumamos os contactos con Graells, Mieg e Pérez Arcas, podemos dicir que Seoane entraba, dun xeito decidido, na nacente comunidade científica dos naturalistas. Decatouse de que facer Ciencia pasaba por formar parte dun colectivo, manter contactos, recoñecer xerarquías, xeitos de relacionarse cos colegas, con profesores importantes e especialistas de prestixio. E esas relacións permitíronlle abrir o ámbito dos seus contactos, accedendo a especialistas internacionais nun momento no que a ciencia española permanecía bastante alonxada da europea⁴². As relacións con sobranceiros científicos reforzarán a súa integración na comunidade e supoñerán, á vista dos escritos, unha especial satisfacción para Seoane, quen se gabará repetidas veces das mesmas, como elemento de recoñecemento e de prestixio.

seguindo o valioso modelo do seu novo amigo Alfredo, de quen toma datos das súas colleitas anteriores por Murcia e Valencia.

- 42 Por medio de Graells e Mieg accederá ao notable entomólogo francés Léon Dufour, co que manterá unha intensa relación de traballo. Por Graells coñece a J. Lichtenstein (Montpellier), especialista en Himenópteros e J. Perez (Bordeaux), discípulo de Dufour. Mieg recoméndao ao seu amigo Vogel (Dresden), con quen intercambiaría plantas.

3. A VOLTA A GALICIA DUN NATURALISTA

Cando Seoane retorna a Galicia é un naturalista coa vocación consolidada, que acadara o adestramento práctico e a preparación teórica precisa para abordar a catalogación da Flora e da Fauna do país. "Vitiño" reforzara os seus vínculos coa natureza e dera paso ao naturalista Victor López Seoane. E a catalogación da Fauna e Flora de Galicia era, tamén, unha tarefa pendente. Alexander von Humboldt, na súa visita por estas terras en 1799, dixéao con rotundidade: "(...) fermosos vales de Galicia, non visitados ata entón por ningún naturalista" (Fraga, 2003; 2005b)⁴³. Unha afirmación un tanto excesiva nese tempo e máis nos decenios posteriores, pois por estas terras xa pescudaran algúns naturalistas⁴⁴. Pero, en calquera caso, os traballos científicos sobre a natureza galega previos á metade do século XIX eran moi escasos e fragmentarios. Por non falar da ausencia dunha mínima comunidade científica, bibliografía específica ou coleccións de referencia (Fraga, 1992b; 2005a). Non deberemos, pois, esquecer que esa carencia de elementos básicos para emprender un labor científico en calquera ámbito actuaba como unha moi notable limitación para o proxecto naturalista de Seoane, quen tiña por diante case todo por facer⁴⁵. Este centra a súa actividade neses primeiros anos na recolleita de exemplares e na elaboración de coleccións, dirixindo o seu labor cara algúns grupos de insectos. A ausencia de bibliografía especializada e de coleccións lévano a consultar con expertos de fóra. Un texto dirixido ao importante entomólogo León Fairmaire (1820-1906), permí-

43 Humboldt, A. von. *Del Orinoco al Amazonas*. Barcelona, Ed. Labor, 2a. ed. 1988, páxina 7, procedente de *Voyage aux régions équinoxiales du Nouveau Continent, fait en 1799-1804*. Paris 1808-1834, 30 vls.

44 Como foi o caso de Martín Sarmiento (1695-1772), José Comide (1734-1802), José Alonso López (1763-1824), etc.

45 Una situación de atraso científico que acontece nun tempo que, como vimos, se caracterizou polo auxe desas actividades en España, pero que a Galicia colleu-na co pé cambiado, debido, entre outras cousas, á redución do ensino científico universitario (Fraga & Sisto, 1993; Sisto & Fraga, 1996). Sobre a historia das Ciencias en Galicia consultar Fraga & Díaz-Fierros, 2003 e Casado & Fraga, 2005.

tenos acceder a unha versión de Seoane do seu labor nese tempo, pois píde-lle que:

(...) se sirva remitirme las clasificaciones, si no le fuese molesto. De esta suerte podré remitir a V. poco a poco, cuanto recogí y siga recogiendo, pero con la condición de que me ha de dar la clasificación exacta. Queda V. en el derecho igualmente de publicar todo lo nuevo, que si V. acepta y cumple bien mi petición, estoy seguro que no le pesará, porque de fijo hallará V. mucho nuevo de este hermoso país, casi virgen y que tan poco ha sido hollado por la planta del naturalista.

Todos ganaremos: V. podrá publicar mucho nuevo, yo tendré los nombres de los insectos de mi país, en, lo que supongo que V. no tendrá el menor inconveniente; y la ciencia se enriquecerá con los descubrimientos que yo haga y V. le presente⁴⁶.

É o modelo de "contrato" do momento que amosa as condicións nas que Seoane debía afrontar os seus estudos. Recoller exemplares, remesar ao experto e agardar datos sobre a identidade dos seres enviados, deixando en liberdade para publicar as novidades ao científico consultado. Un obrigado estilo de relación científica imposto polas circunstancias. Unha forma de colaboración que o naturalista asume nese momento pero da que se lamentaría despois.

O axeitado proceso formativo e o favorable panorama que se lle presen-

46 Leva unha nota que di: "El estudio de la entomología viene siendo una de mis más predilectas ocupaciones desde la infancia, puede decirse. Con ardor he seguido toda mi carrera literaria, compartiendo mi vida enteramente destinada al estudio; entre las bibliotecas, las cátedras y las pintorescas montañas de mi hermoso país, la Suiza de España, y al cual hallo mucho más bello y con más atractivo que Andalucía. Más tarde, siendo estudiante de 3er año de Medicina, y cuando ya había recorrido una gran parte de la península con objeto científico, pasé a continuar mis estudios a Granada, allí fui nombrado alumno interno, y a pesar de los trabajos penosos de su hospital, recorrí las sierras y toda Andalucía palmo a palmo. Hoy por fin soy ya Licenciado en Medicina y Cirugía, después de ¡13 años! de estudios y paciencia". ("Insectos remitidos a Mr Leon Faimaire, de París; por D. Víctor López Seoane, de Madrid", ms. 101, BVLS; o subliñado é de Seoane).

taba non estiveron exentos dun problema que con posterioridade acadaría unha ampla dimensión e transcendencia. Seoane arrastraba xa dos anos previos á volta Galicia unha forte incomodidade polo que consideraba escasa consideración dos seus contactos científicos. Na relación con algúns especialistas sentiu que o trato non era o adecuado. Poderíamos pensar que quizá fose un problema de susceptibilidade, ou que Seoane non entendía ou non aceptaba o xeito de relación que marca a xerarquía académica, ou —mesmo— que realmente, foi obxecto da avaricia científica dalgúns contactos. En todo o caso, en 1860 pensa en deixar o seu labor e fai partícipe diso a outros, como o profesor e naturalista Fernando Amor⁴⁷. O certo é que o enfrontamento coas primeiras dificultades preséntanos a un Seoane alonxado do científico novo e animado dos seus anos previos e amósanos un individuo a quen lle custa traballo aceptar os lóxicos contratempos. Empeza unha sucesión de queixas e enfrontamentos que o acompañarán no resto da súa actividade e que agudizarán o desánimo causado polas dificultades atopadas para desenvolver o seu labor en Galicia.

Voltara animado e coa inxenua esperanza de que a súa preparación e relacións científicas lle permitirían aplicar os coñecementos no país e emprender, dese xeito, unha actividade profesional no eido da ciencia. Coa súa inocente posición parecía ignorar que esa posibilidade pasaba por dispoñer de axeitados “padriños”, e que estes se implicasen no seu apoio, e esa carencia supúxolle unha decepción, poñendo en risco a continuidade do seu labor científico. De feito, transcorre un ano desde que se licenciou e a falta de perspectivas dirixeno cara á cancelación dos seus proxectos. Así parece indicalo unha carta de 29 marzo de 1862 na que a súa nai dille: “Apruebo que abandones las dichas Ciencias que eso no te vale de nada, (...) si puedes deshacerte de todo no seas tonto...”⁴⁸. Ou sexa, Seoane estaba a pensar en desprenderse das súas importantes colec-

47 “¿Sigues con la idea de dejar el estudio de los bichos?” (carta de Fernando Amor a Seoane, Córdoba, 6 IX 1860, ms. 449, BVLS). Amor ofrecéle a axudarlle a “salir de las colecciones”, aconsellándolle que debe “enajenar” a de aves e conservar a de insectos, indicándolle que a podería mercar para o seu Instituto. E tamén lle suxire que colla unha praza na Escola de Agricultura da que Amor era director, ofrecendolle a súa axuda.

48 Ferrol 29 marzo 1862, ms. 2675, BVLS.

cións, o que para un naturalista equivalía a deixar o labor científico⁴⁹.

O momento crítico foi superado, provisionalmente, por unha afortunada circunstancia, a creación do Instituto da Coruña. Co gallo do establecemento do Instituto de ensinanza media en 1862 (Meijide, 1991) foi nomeado *sustituto de Elementos de física y química y Nociones de Historia Natural*, exercendo o seu labor docente o curso 1863-64, atendendo ao ensino da Historia Natural e da Física e Química, ocupándose do Gabinete de Historia Natural e realizando observacións metereolóxicas, como axudante da estación ubicada no Instituto⁵⁰. O profesor Miguel Colmeiro (1816-1901) facíase eco da oportunidade que parecía abrirse ao futuro científico de Seoane: "Celebro que tenga V. una honrada colocación en ese instituto coruñés, y así fomentará sus aficiones y no decaerá de ellas, como pude inferir de alguna carta escrita hace tiempo al amigo Graells"⁵¹. Ao remate do curso desexaba continuar impartindo docencia no Instituto, os seus amplos coñecementos en Historia Natural e a estupenda colección que confeccionara parecían avales dabondo. Pero as normas esixíanlle o grao de Bacharel en Ciencias, titulación da que o naturalista carecía e, molesto polas dificultades, cesa o 10 de

49 A importancia das coleccións despréndese, entre outras cousas, do comentario que José L. de la Vega recolleu no *Diario de La Coruña* (12-X-1862) sobre o que xa denominaba "Museo López Seoane". No artigo xa se fala de que se desfixo da colección de mamíferos, pero aínda así salientan a amplitude dos elementos coleccionados, que incluían, segundo acontecía na época, obxectos "curiosos".

50 Para convencer a Seoane, o concelleiro Pedro de la Encina, responsable da posta en marcha do Instituto e secretario da *Junta provincial de Instrucción Pública*, faloulle da posibilidade de que compatibilizase o posto de profesor co de director dun futuro Museo provincial de obxectos naturais, baseado nas coleccións do naturalista, o que permitiría mellorar a escasa retribución docente. Ese proxecto non foi adiante, se ben parte dos obxectos naturais da colección particular de Seoane permaneceron en depósito no Instituto mentras o naturalista exerceu alí docencia. Seoane elaborou unha lista de obxectos do seu Museo particular, 23.091 en total, dos que os naturais eran 22.203 (Fraga, 1994). Por outra banda, realizou diversas consultas para averiguar o xeito idóneo de levar a cabo as observacións metereolóxicas, algunha con Domingo Fontán (1788-1866).

51 Carta de Miguel Colmeiro, Madrid, 7 I 1863 (ms. 2404, BVLS).

outubro de 1864, substituído por Ramón Mariñas Lafuente⁵². Deste xeito, o Instituto coruñés perdeu a grande oportunidade de gozar da docencia dun científico contrastado. Por outra banda, o malestar de Seoane provocou que diversas coleccións que tiña previsto doar foran parar a outras institucións (Pulido, 1874)⁵³.

A situación obrigouno a retornar á súa cidade natal, onde acadou o posto de médico interino no Hospital da Mariña⁵⁴. Outra vez volta a pensar en abandonar as investigacións e coleccións⁵⁵. Cuestiona un futuro no que, coma noutras ocasións, se sente "utilizado" polos seus mestres, aos que acusa de usalo, máis atentos a sacar proveito dos seus envíos que a calquera axuda para facilitarlle un futuro profesional. Na súa relación cos especialistas consolidase definitivamente un contraditorio dualismo, no que se mesturan os eloxios e as descualificacións. O desencanto e os laios aséntanse na súa personalidade, dando paso a un home no que aparece un carácter difícil e un certo vitimismo, non exento de contradicións, pois gusta de exhibir contactos cos mesmos que critica, factor que vai sobresaíndo cada vez máis nas formas do naturalista. Pero non debemos pensar que permanece inactivo. Nese tempo fixo algún intento de acceso á docencia e continúa o seu labor, publicando a *Reseña de Historia Natural de Galicia* (Seoane, 1866) (Fraga, 1996b), un traballo que xorde dunha invitación dun vello amigo, Manuel Murguía, para participar na redacción do libro deste adicado á Historia de

52 En 1864 Seoane iniciou os estudos de Ciencias en Santiago, obtendo o título de Bacharel en Ciencias o 13 de xuño de 1866.

53 Uns anos despois, coa chegada do profesor Rico Jimeno, Seoane normalizou a súa relación co centro e converteuse nun doador habitual de obxectos naturais e bibliografía.

54 A Vicedirección do Corpo de Sanidad Militar de la Armada de Ferrol comunicou o nomeamento de médico provisional, o 16-V-1866 (ms. 2525, BVLS). O "Corpo de Sanidad Militar de la Armada. Gefatura (sic) del Hospital de Ferrol" comunica que recibiu ese nomeamento o 8-VI-1866 (ms. 2526, BVLS).

55 Carta a Ángel Guirao de 1864, onde di que está desalentado, que quere vender as coleccións (ms. 2429, BVLS).

Galicia⁵⁶. Tamén realiza observacións meteorolóxicas, asiste a Graells cando este realiza a exploración das costas cantábricas (1869) e, mesmo, presta atención ao polémico tema da rede de sumidoiros de Ferrol⁵⁷.

-
- 56 Concretamente, tentou acceder ao ensino universitario madrileño; ademais, en 1868 sondea a posibilidade de obter unha praza no Museo de Ciencias Naturais de Madrid e, entre 1868 e 1869, tentou acadar unha cátedra de Historia Natural de ensino medio.
- 57 Sobre este asunto ofrece unha alternativa para rematar co cheiro provocado na cidade polo foxo que rodeaba o Arsenal, situación que durou case ata finais de século (Díaz-Fierros, 2001).

4. UNHA SEGUNDA OPORTUNIDADE PARA FACER CIENCIA

Unha circunstancia veu cambiar a vida de Seoane. O 8 de outubro de 1869 casou con Francisca Riobóo Álvarez (1834-1919), de familia fidalga, que dispuña de importantes propiedades, como os pazos de Torres de Allo (Baio) e a Casa Grande de Cabanas, ademais doutros en Ordes, As Encrobas e numerosos casais e terreos (Martínez Barbeito, 1978)⁵⁸. A voda supón un cambio notable para a vida de Seoane e repercute no seu labor científico. Pasa de ser un médico interino con escasos recursos a converterse en rico propietario agrícola. Para poder atender mellor a administración das numerosas propiedades —ubicadas en “48 concellos de Galicia”— empeza en 1874, en Santiago, os estudos de Dereito, que rematou en Oviedo. Inicia unha nova forma de vida, que inclúe o establecemento da familia na Coruña, na que residiría ata a súa morte, pasando o verán no pazo de Cabanas, con visitas ao de Torres de Allo, e diversas viaxes ⁵⁹.

A Coruña atopábase, na segunda metade do século nunha fase de crecemento progresivo (Barreiro, 1986). No censo de 1857 figuraba como primeira cidade de Galicia, o núcleo industrial máis importante e o sobranceiro centro administrativo da nova organización liberal nestas terras. Unha localidade caracterizada historicamente, agás lamentables períodos como o franquismo, polo seu talante aberto, plural, non excluínte de minorías e integrador; que arrancara o século XIX como estandarte do liberalismo progresista, simbolizado nas palabras do noso paisano Manuel Pardo de Andrade:

-
- 58 Era filla de Francisco Riobóo e Eulalia Alvarez Freyre de Andrade. Viúva dun curmán, Nicolás Ma. Gómez Riobóo, marqués de San Isidro. O pazo de Torres de Allo fora construído no século XVI nun gótico tardío, estilo isabelino, o que é orixinal pola súa escasez en Galicia, formaba parte do patrimonio dos Moscoso, poderosa familia da Fisterra galega. Despois pasou á casa de Altamira, vía os Gómez Riobóo. A “Casa Grande de Cabanas” construíuse no século XVII por iniciativa do arcebispo de Santiago, Francisco Seixas y Losada, para a súa irmá Maria, que casou con Antonio Gómez Riobóo.
- 59 A súa residencia coruñesa estivo localizada nas céntricas rúas Rego de auga, Luchana e Real e na praza de Ma. Pita.

"Amable libertad ¡que dulce es tu imperio!"⁶⁰ A puxanza económica e política da Coruña era parella a un certo desenvolvemento cultural. O Instituto, despois duns anos iniciais con certas dificultades, amosaba un interesante dinamismo⁶¹. A vida educativa estaba a enriquecerse coa presenza das escolas laicas, xurdidas a carón dos movementos anarquistas e librepensadores que desenvolvían un notable labor educativo, no que o estudo da natureza acadaba notable protagonismo⁶².

Seoane, un home liberal de inclinacións progresistas, próximo ás posicións políticas de Eugenio Montero Ríos, o "cuco de Lourizán", debeu atoparse cómodo no ambiente coruñés da Restauración. Na cidade participou da vida social, económica e cultural, figurando en múltiples iniciativas (como a creación da Sociedade Económica ou de Folklore galego)⁶³. Entre as personalidades cidadás atopábanse vellos coñecidos, aos que agora sumou outros

60 *Seminario político, histórico y literario de La Coruña*, nº 1, 1809.

61 No eido das Ciencias Naturais, a docencia era exercida polo profesor Tomás Rico Jimeno, un activo catedrático de Historia Natural. O labor de Rico, que chegou no Curso 1876-77, estivo centrado nunha importante actividade docente e divulgadora. Promoveu excursións e, probabelmente, Pablo Ruíz Picasso, alumno do Instituto, participou nunha a Betanzos. Será na época de Rico cando cheguen á biblioteca do Instituto importantes textos científicos, salientando a adquisición do libro *El Origen de las especies*, de Charles Darwin. Este profesor integrábase na vida cultural e social da cidade, colaborando en xornais e chegando a ser concelleiro republicano no Consistorio coruñés.

62 Podemos citar a Escola laica *Miguel Servet* (1889); o director, Segundo Moreno Barcia fora, desde 1877, profesor do Instituto da Coruña; ligada a sectores republicanos, o grupo impulsor, *librepensador*, acordou que nos locais da Escola figurasen os retratos de Miguel Servet, Moreno Barcia e Xosé Rodríguez Martínez, o *médico Rodríguez*, presidentes honorario. En 1902 funcionaría a Escola laica dependente de *La Antorcha Galaica del Librepensamiento*, ligada ao anarquismo coruñés.

63 O 18 de outubro de 1894 *La Voz de Galicia* daba a nova de que a comisión xestora para a Academia Galega instaba á sociedade Folklore Gallego a converterse nesa entidade. Asinaban Murguía, Pérez Costales, Pondal, Martínez Salazar, Pérez Ballesteros, Paz Novoa, Salvador Golpe e Víctor López Seoane. Tamén foi presidente da Comisión da Biblioteca do Consulado, cargo do que dimitiu en maio de 1888.

novos, de tal xeito que mantivo amizade con persoas como Andrés Martínez Salazar, Manuel Murguía, Eduardo Pondal, Vicente Abad, Ramón Pérez Costales, Emilia Pardo Bazán, o médico Rodríguez, etc.⁶⁴. Tamén participou nas reunións da denominada "cova céltica", xuntas informais dos "rexionalistas" liberais, unha das principais ponlas do progresismo coruñés, a nacionalista, que arrincara de republicanos federais como Santiago Casares Paz ou Ramón Costales e seguiría polos rexionalistas liberais de Murguía e polas Irmandades da Fala de Antón Vilar Ponte. Instalado no século de desenvolvemento da burguesía, do liberalismo, das cidades, das Ciencias e das Técnicas, identificado con esa modernidade, Seoane foi quen de entender Galicia como unha totalidade plural, na que o mundo rural e urbano eran aspectos complementarios dunha mesma realidade. Expresou o seu sentimento por Galicia: "Si el amor al país y al estudio de las ciencias naturales, fueran bastante para llevar a cabo victoriosamente esta clase de trabajos [a descrición dos seres naturais galegos], quizás no nos ganara nadie en su desempeño"⁶⁵. Unha terra que ollaba chea de potencialidades: "Cuando se tiende la vista sobre el vario y fertilísimo suelo que forma el territorio gallego, no puede menos que admirarse su fecundidad y belleza..."⁶⁶. Pero un territorio que entendía que non podía avanzar por unha serie de atrancos:

Galicia, sin embargo, cubriría perfectamente sus necesidades, pero los impuestos son enormes y el agobiado labrador vese sumido en la mas espan-

64 O médico Ramón Pérez Costales (1832-1911) participou nas loitas políticas do momento, acadando o posto de ministro de Fomento no goberno da I. República española (1873). Creou o *Instituto de Vacunación, Escuela de Parvulos de D. R. Pérez Costales*. José Rodríguez Martínez (1856-1921), o médico Rodríguez, naceu en Monelos, cando este barrio coruñés formaba parte do Concello de Oza, e acadou unha grande popularidade cidadá. Exerceu de xomalista e concelleiro e tivo sonadas polémicas políticas. Vicente Abad Torregrosa (1835- 897), chegou a Coruña no 1857 e estableceu unha librería e, despois, unha imprenta, na que traballou como tipógrafo. De ideas republicanas, fundou *El Telegrama*, xornal republicano do que foi director ata a súa morte. Estivo preso no castelo de San Antón en 1867 e foi liberado coa revolución de 1868.

65 Seoane, V. L., 1866, páxina 7.

66 Seoane, V. L., 1866, páxina 5.

tosa miseria, que le hace huir en busca de un pedazo de pan, emigrando a las Americas en donde las engañosas promesas no corresponden a la realidad que se imagina teniendo no pocos que regresar a su país natal, estenuadas (sic) sus fuerzas, abatido el espíritu y faltos de todo recurso para arrastrar otra vez esta vida espirante (sic) y desdichada⁶⁷.

Como era lóxico, amosouse interesado pola vida científica coruñesa. Unha actividade localizada no labor da Academia de Medicina, as actividades sobre o mar e o agro⁶⁸. Seoane tomou parte activa nunha iniciativa inédita, levada a cabo en 1886, para tentar de establecer nestas costas a primeira Estación de Biología Mariña de España (Fraga, 1992b). Para iso recorreu ao grande científico Anton Dohrn, creador da *Stazione Zoologica di Napoli*, e realizou diversas xestións que non frutificaron, entre outras cousas polo apoio de Montero Ríos á irregular proposta de Augusto González de Linares para ubicar ese centro en Santander (Fraga, 1996a). Tamén tomou parte na iniciativa cidadá para acadar a localización na Coruña da que sería a Granxa agrícola, que por decenios estivo instalada na zona de Monelos⁶⁹.

Pois ben, pasado un tempo do casamento, Seoane volta ao seu labor naturalista con novos folgos e medios. Continúa coleccionando e doando

67 Nota manuscrita de Seoane na presentación do Catálogo, "Legumbres y cereales de Galicia" que acompañaba á exposición de exemplares seus na Exposición Universal de París, 1889.

68 A "Real Academia de Medicina y Cirugía de Galicia y Asturias" naceu ao abeiro do Real Decreto 31 agosto de 1830, fixando a súa sede en Santiago. Por razóns políticas a ubicación da Academia pasou á cidade da Coruña en xullo de 1833. Institución de longa vida, segue funcionando na actualidade, se ben en 1972 deixou de abranguer a Asturias. Por outra banda, a historia científica desta cidade deberá reparar no elemento que definiu a súa especificidade, o mar, sendo os estudos náuticos os de maior tradición.

69 Nos últimos anos da súa vida, ocupou algúns cargos administrativos na provincia; foi membro, en 1896, do Consello provincial de Agricultura, Industria e Comercio, comisario rexio en 1897 e presidente do Consello provincial desde 1897 ata a súa morte. Morreu o 14 de xullo de 1900 e fica soterrado no cemiterio de Santo Amaro.

obxectos naturais e retoma as súas pescudas aplicando os coñecementos adquiridos no seu período de formación⁷⁰. Pero o panorama social e científico mudaran. Os cambios políticos do sexenio (1868-1875) trouxeron unha certa liberdade que permitiu o espallamento de novidades científicas⁷¹. Asemade, entre os naturalistas óllase unha crecente especialización e institucionalización, coa creación, en 1872 da importante *Sociedad Española de Historia Natural*, unha entidade promovida por especialistas novos, con salientable peso dos krausistas. Seoane observa o proceso, únese á *Sociedad*, pero mantén as principais relacións de traballo coa xente da súa xeración⁷². Eses cambios na comunidade científica acontecen dun xeito parello a notables modificacións na forma de facer ciencia entre os estudosos da natureza. Seoane formárase como naturalista seguindo un modelo científico, o *cuvierismo*, a proposta de Georges Cuvier (1769-1832)⁷³. Desde esa perspectiva, o taxónomo sería un catalogador que tentaba ubicar cada taxon no seu "sitio" *natural*, no que o Creador o colocara, dentro dos tres Reinos da

-
- 70 O seu altruísmo e interese polo recoñecemento público fixeron que numerosas institucións educativas, científicas e especialistas de toda Europa recibisen diversos exemplares recolleitados polo noso autor. Fornecería de coleccións os Gabinetes dos centros educativos galegos, salientando as remesadas ao Instituto de Pontevedra (Fraga, 1995b), á Universidade de Santiago (Fraga, 1995a) e ao Instituto de A Coruña (Fraga, 1994).
- 71 Así o recolle, por exemplo, José Rodríguez Carracido nos seus moi citados escritos: *Estudios histórico-críticos de la Ciencia española*. 2a. edición aumentada. Madrid, Impr. Alrededor del Mundo (1917).
- 72 Foi dos primeiros socios da SEHN, pois resultou admitido na sesión celebrada o 2 de outubro de 1872.
- 73 As teses do grande científico Cuvier foron as principais propostas científicas na área das Ciencias Naturais na primeira metade do século XIX (Coleman, 1971). Esa perspectiva, que denominamos "modelo harmónico" (Fraga, 1992b), partía dun *a priori* metafísico, a adaptación perfecta dos seres vivos ao seu entorno —unha harmonía natural— e dunha concepción fixista e tipolóxica da especie, que era descrita a partir dun ou moi poucos exemplares, por un limitado número de caracteres que representaban a "esencia" ou o "tipo. Cuvier afirmaba que o estudo dos organismos, a comparación dos seres, debía estar dirixido polo principio da "subordination des caracteres".

Natureza⁷⁴. Sin embargo, esa tradicional Historia Natural foi mudando e compartindo protagonismo, de xeito progresivo, cunha nova ciencia que estudaba o conxunto dos fenómenos vitais, a Bioloxía⁷⁵. Os estudos descritivos, característicos do período anterior, deron paso a achegamentos cuantitativos e experimentais dos fenómenos vitais⁷⁶. O darwinismo foi básico nos cambios

-
- 74 Nese modelo, as descrições dos seres naturais eran pouco extensas, recorrendo a poucos elementos de diagnóstico, xeralmente morfolóxicos, e co intento de assimilar as diferenzas dos exemplares ao *tipo*. A relación co medio era entendida só no sentido restritivo como influencia dos diversos factores sobre a función. A "incómoda" variación biolóxica era infravalorada, pendentes como estaban os *cuvieristas* dunha ponderación cualitativa. As orientacións científicas do *cuvierismo* resultaron moi eficaces no seu tempo, pois con elas, e seguindo a estela de Linné, acadouse un notable éxito na catalogación inicial da Fauna e da Flora.
- 75 Varios feitos confluíron nese proceso. Un crecemento salientable das actividades e investigacións relacionadas co estudo dos seres vivos, do número de especialistas, medios de difusión e sociedades, institucións científicas, centros de ensino, reunións de expertos, etc. Un proceso de institucionalización e especialización da actividade científica que se veu favorecido pola crecente profesionalización. Asemade, o coleccionismo científico particular permanece, pero colle auxe outro institucional, plasmado nos Museos públicos, que se consolidan nesta época, medrando o seu número considerablemente a fins do século, ao tempo que xorden centros específicos de investigación biolóxica como a *Stazione Zoologica* de Nápoles ou o *Institut Pasteur* de París (Jahn, 1989).
- 76 Claude Bernard proclamara a primacia do estudo directo e non apriorístico. O experimento significa control de condicións ambientais, medios axeitados de rexistro e certo aparello e mentalidade matemática, cuantitativa. O experimentalismo supuña, tamén, unha conexión cos métodos e ámbito das disciplinas físico-químicas, apoiábase e favorecía a crecente consideración do nivel microscópico, e, concretamente, da célula como elemento morfolóxico primordial e/ou unitario (Allen, 1988). Por outra banda, diversas aportacións teóricas xogaron un relevante papel na constitución da nova disciplina. O propio Bernard amosou a unidade fisiolóxica existente entre os animais e os vexetais ao descubrir a función glicoxénica do fígado. A Teoría Celular afirmou a unidade estrutural dos seres vivos e a Teoría da Evolución supuxo unha consideración da vida en termos unitarios e cunha proxección temporal que resulta fundamental.

acontecidos (Mayr, 1972, 1983). Unha auténtica revolución científica, que –frente á harmonía– entendeu, como elemento central da natureza, o desaxuste entre os seres vivos e o seu entorno⁷⁷. No ámbito da Taxonomía situou un novo principio rector da diversidade e afinidade biolóxica, o principio xenealóxico ou filoxenético⁷⁸.

Polo tanto, cando Seoane retomou o seu labor naturalista o contexto variara substancialmente. E vaino comprobar de xeito claro e contundente cando aplique as vellas concepcións e metodoloxías. Un dos grupos zoolóxicos nos que centra o seu labor é o dos anfibios e réptiles, os herpetos, publicando o primeiro catálogo deses animais en Galicia (Seoane, 1877). Fernand Lataste (1847-1934), o grande herpetólogo francés, daría á luz un duro comentario, *Les reptiles de la Galice-M. Sevano* (sic), que apareceu na *Revue internationale des Sciences* en Maio de 1878 (Lataste, 1878). Trátase dun valioso documento, no que Lataste utiliza o catálogo de Seoane como exemplo de traballo científico obsoleto e incorrecto. A crítica, nun ton directo, cuestiona os resultados presentados, pero, sobre todo, os erros metodolóxicos e teóricos que contén⁷⁹. O artigo de Lataste é unha certa valoración

77 Charles Darwin era consciente das novas posibilidades que as súas teses abrían ao estudo dos seres vivos. A bibliografía recolle o seu notable impacto na sociedade do XIX. Sobre todo no referente aos debates ideolóxicos suscitados. Pero moitos autores posicionáronse, se ben non fixeron aplicación das novidades no seu labor práctico. Iso contrasta coa clarividencia con que Darwin entendeu o revolucionario das súas propostas.

78 En claro contraste co paradigma harmónico, consideraba o estudo da diferenza, da variabilidade, como elemento central da actividade taxonómica, relacionándoas co ambiente. A Taxonomía zoolóxica foi sensible aos cambios sinalados (Fraga, 2002).

79 Así, referíndose ao Catálogo di: "(...) une étude tres superficielle de la faune qu'ils prétendent révéler au public. Ils ont recueilli quelques animaux, les ont rapidement et un peu au hasard déterminés, sans prendre la peine de se mettre au courant des progrès de la science; puis ils ont dressé leur liste, copiant scrupuleusement les erreus de leur prédécesseurs; car les observations personnelles sont trop insuffisants pour les permettre de les rectifier" (Lataste, 1878: 694).

científica, pero o malestar causado en Seoane foi moi grande⁸⁰. Este episodio vai ter unha notable influencia na súa futura actividade científica. Dun xeito directo, por mor da crítica e da relación que establecerá con Lataste e con outros importantes especialistas, e de forma indirecta, polo estímulo que supuxo no seu labor. A realidade obrígaos a un cuestionamento do vello paradigma *cuvierista*; asemade, aborda un intenso labor de recolleitas, contactos, adquisición de bibliografía, etc.⁸¹. Se no terreo da práctica científica o episodio podemos valoralo como positivo para a carreira de Seoane, resulta máis complicado avaliar os efectos no ámbito persoal. Aínda que mantivo unha relación científica de colaboración con Lataste, os seus escritos recollerán unha indisimulada incomodidade polo comportamento do francés⁸². Podemos entender parcialmente esa molestia de Seoane, pois tocoulle servir de exemplo do que era un xeito de traballo común entre os expertos españois da época⁸³.

-
- 80 Contactou con Lataste por medio do seu antigo profesor, Joseph Pérez, quen tentaría xustificar a dureza do seu ataque no feito de estar anoxado polas carencias científicas e ar de suficiencia dalgunhas das supostas autoridades que Seoane citaba no seu Catálogo, como Milne-Edwards, Barboza e Steindachner.
 - 81 Para empezar, inicia a nova etapa colaborando con Lataste na identificación da vibora galega, a que sería *Vipera berus seoanei*.
 - 82 O tema ocasionou, a xeito de dano colateral, a ruptura de Seoane, en 1879, co outro herpetólogo español de certo releve na época, Eduardo Boscá, profesor, nese tempo, no Instituto de Ciudad Real (Fraga, 1990a).
 - 83 En efecto, na Península, a mediados do século XIX, os especialistas realizaban os seus traballos dentro da perspectiva da herpetoloxía tradicional; xunto a Barboza do Bocage, en Portugal, podemos citar, nesa liña, a Machado, Pérez Arcas e Barceló. Jiménez Espada, traballando sobre exemplares americanos, sitúase en similar situación. De feito, o primeiro Catálogo sobre herpetos peninsulares (1877), obra de Boscá, seguía as mesmas pautas científicas que o de Seoane (Fraga, 1990a). Pero nalgúns países de Europa unha nova e activa xeración, da que formaban parte, entre outros, Jacques Bedriaga, Albert Tournelle, Lorenzo Camerano, G. A. Boulenger e Fernand Lataste, iniciaba unha revisión modernizadora da herpetoloxía.

5. ESTRATEXIA CIENTÍFICA DESDE A PERIFERIA.

Seoane vivía na Coruña e adicábase á xestión das súas propiedades. As ocupacións e dispoñibilidade de medios económicos poderían levar ao naturalista a ficar nun xeito de vida amable, a conta de rendas materiais e intelectuais, disfrutando da celebridade local e nun entorno cómodo. Pero decidiu compatibilizar o seu traballo de administración co científico. Nos anos oitenta, os da súa madurez, deseña e aplica unha hábil e complexa estratexia creativa para —desde as súas particulares circunstancias— acadar éxitos científicos. No relativo ás súas circunstancias, as novas ocupacións dificultábanlle afrontar un esforzo continuado de investigación. Por outra banda, debía traballar desde a periferia científica, desde un alonxamento xeográfico e académico; non existía unha mínima comunidade de naturalistas en Galicia nese tempo, a actividade científica estaba moi localizada no ámbito madrileño ou en núcleos como o catalán. E partía, como dixemos, dunha ausencia de estudos previos e coleccións de referencia para consultar. Todo isto no momento no que o desenvolvemento das Ciencias en xeral, e as Ciencias Naturais en particular, acadaban en Europa un grao notable de especialización e profesionalidade.

Pois ben, Seoane vai tentar compensar todos eses condicionantes cunha serie de medidas coas que se adapta ás súas circunstancias persoais e sociais poñendo en xogo os coñecementos e experiencias adquiridas na quenda da formación e os novos recursos á súa disposición. Utiliza os seus medios económicos para viaxar e coñecer museos, fornecerse de abondosa bibliografía especializada, materiais e obxectos naturais e editar el mesmo algunhas das súas publicacións. Por outra banda, aborda unha colosal obra de recollida e estudo de seres naturais. Para dispoñer de exemplares para os seus estudos e coleccións realiza numerosas saídas ao campo, válese de recolectores dispersos polas súas propiedades e adquire exemplares. A ciencia moderna ten entre os seus alicerces as comunidades de especialistas e a formación de redes de comunicación e información, algo no que foron mestres científicos relevantes como Alexander von Humboldt. Seoane crea a súa propia rede de comunicación científica. Para iso, incrementa de xeito notable os contac-

tos con especialistas, accedendo a algúns dos máis salientables das Ciencias Naturais europeas. Con estes colegas establece comunicacións sucesivas e cruzadas, nas que adoita remesar e intercambiar numerosos exemplares e información, realizando consultas de xeito múltiple.

Asemade, se ben mantén unha atención constante a todos os seres vivos, de cara á elaboración dunha Historia Natural de Galicia, concentra o seu principal labor nunha serie de grupos taxonómicos, nun lóxico proceso de especialización que a época demandaba; centra os seus esforzos no estudo dos vertebrados. E ademáis, cómpre subliñalo, modifica o seu enfoque de traballo, o seu obxectivo de coñecer nomes de seres e deixar as descrições para colegas importantes, e aprende a seleccionar taxons nos que era máis factible obter novidades, na busca do éxito e recoñecemento científico. Asemade, aproveitou as Exposicións como un foro idóneo para desenvolver o seu gusto polo coleccionismo natural e a actividade como propietario agrícola, acadando ao mesmo tempo un notable protagonismo.

No plano teórico e metodolóxico, Seoane amosou unha importante capacidade para percibir os cambios que incidiron na Ciencia do seu tempo e asumilos parcialmente. O "affaire" con Lataste, e outras experiencias, permítenlle entender a necesidade de prestar atención ao novo xeito de traballo taxonómico. Por convencemento ou por comenencia, o certo é que camiñaría cara unha modernización científica e aplicaría algunhas das novidades nos seus traballos. Hai un proceso de "adaptación", non precisamente no sentido biolóxico do termo, senón como asimilación parcial das novidades. Nicolás Maquívelo falaba de que hai tres tipos de intelixencia: unha comprende as cousas por si mesma, outra discime o que outros comprenden e a terceira non comprende nada por si mesma nin por medio doutros. Coidaba que a primeira é extraordinaria, a segunda excelente e a terceira inútil⁸⁴. Seoane estaría na categoría da excelente intelixencia, pois discerniu, captou, as novidades que outros comprendían. E o darwinismo salientou entre as novidades científicas na segunda metade do século

84 Niccolò Machiavello: *O príncipe*, La Voz de Galicia/U. Santiago, Fund. BBA, 2005

XIX⁸⁵. O naturalista, lonxe da suposta inconmensurabilidade dos paradigmas científicos en conflito, realizou unha "tradución" elemental do darwinismo⁸⁶. Iso concretouse na comparación de formas próximas, na valoración taxonómica de diferenzas que anteriormente ignoraba e no estudo das diversas fases do desenvolvemento biolóxico. Estas novidades poñíanse de manifesto na súa produción deses anos, sobre todo nos catálogos de anfibios, réptiles e aves. Buscaba o que o darwinismo lle podía aportar no seu traballo de discriminar seres, de atopar máis novidades para axudarlle a describir novas formas⁸⁷.

85 En vida de Seoane semella que era pública unha certa relación científica con Charles Darwin. O 12 de abril de 1881, Emilia Pardo Bazán escribiulle unha carta comentándolle ao noso naturalista o proxecto dunha edición ampliada dos artigos que a escritora publicou contra o darwinismo e indicando: "Cuando se haga esta edición, me valdré de su mediación de usted para que haga llegar a manos del célebre Darwin un ejemplar". Se ese era o sentir dos próximos a Seoane, o certo é que entre os seus manuscritos só se conserva unha carta do sabio inglés de 27 de decembro de 1881. E comprobamos que esa carta era a resposta á única remesada polo naturalista galego, do 19 de decembro de 1881 (Archive Darwin). O texto de Seoane contén a súa aceptación das teses darwinistas, que denomina *savants theories*, e a consulta sobre un tema técnico que estaba a preocuparlle no seu traballo taxonómico (Fraga, 1989c; 1993b). Por outra banda, na súa correspondencia particular facíase eco desa suposta relación con Darwin; así, por exemplo, en carta a Ernesto Caballero, de 1 de xaneiro de 1893, di: "Los grandes hombres, con los cuales estoy muy acostumbrado a tratar, se conocen por la grandeza de sus actos. Darwin, De Candolle, Saussure, Leydig, (...) y otros muchos, con los cuales hace muchos años mantengo activa correspondencia...". Os comentarios dando a entender unha estreita relación co famoso Darwin só poden ser entendidos no contexto da especial necesidade de Seoane de prestixio social e científico.

86 Khun, T.S. (1971). *La estructura de las revoluciones científicas*. Madrid, Fondo de Cultura Económica (1ª edición española do orixinal, *The Structure of Scientific Revolutions*, 1962)

87 O xeito no que o vello paradigma incide sobre a Taxonomía maniféstase na indución ao uso, como criterio taxonómico básico, da diferenciación morfolóxica cualitativa en base a poucos exemplares, o que incluía unha visión restritiva

Seoane adica estes anos, nomeadamente entre 1878 e 1882, a un estudo persistente da Herpetoloxía⁸⁸. Os aspectos modernizadores tamén figuran na obra ornitolóxica, como no *Examen crítico de las Perdices de Europa, particularmente de las de España y descripción de dos nuevas formas de Galicia* (Seoane, ¿1891?: 1894), onde describe as subespecies galegas de perdiz⁸⁹. A madurez taxonómica de Seoane atoparía unha difícil proba no estudo dos tritóns, un dos grupos de herpetos que mereceron unha especial atención na época estudada. Realizou unha extensa pescuda sobre a sistemática destes animais, que sufriron unha ampla revisión taxonómica coa irrupción dos novos presupostos científicos⁹⁰. Seoane asiste moi atento á polémica, a nivel

da variabilidade biolóxica. Era un criterio de doado e cómodo uso inmediato; o especialista centra o seu labor na comparación dunha serie de características morfolóxicas do exemplar estudado, consideradas básicas, e compara coas breves e pouco matizadas descrições maxistras que dos taxons pretendidamente próximos que figura na escasa bibliografía. Mais a variabilidade de formas vitais en certos grupos taxonómicos fai case imposible a aplicación clarificadora deste criterio a uns poucos exemplares de taxons próximos, amosándose incapaz de resolver o tema, como non sexa no sentido de propoñer unha ampla serie arbitraria e artificial de supostos taxons. Coidamos, pois, que para Seoane, esas directrices situábano nunca caella sen saída, no que a asignación taxonómica dependía moito das épocas de recolleita, lugares, etc. (Fraga, 2002).

- 88 O folleto *Identidad de Lacerta schreiberi (Bedriaga) y Lacerta viridis var. gadovi (Boulenger) e investigaciones herpetológicas de Galicia* (Seoane, ¿1884?: 1885) reflectirá parte dese labor. Tamén publica "On two forms of Rana from N.W. Spain" (Seoane, 1885) en *The Zoologist*, artigo no que describe as actuais *Rana temporaria parvipalmata* e *Rana perezi* (daquela *Rana temporaria parvipalmata* e *Rana esculenta perezi*). (Fraga, 1988b, 1992b; Galán, 2001).
- 89 *Caccabis rufa hispanica* Seoane e *Perdix cinerea charrela* Seoane (Fraga, 1991; 1992b).
- 90 O seu elevado polimorfismo (cambios que lles acontecen segundo a idade, época do ano e sexo), fai bastante complexo o estudo sistemático. Seguindo o modelo imperante, o labor dos taxónomos consistía en asimilar os exemplares recolleitados ás modalidades descritas, infravalorando as diferenzas. Iso mudou a finais dos anos setenta; os especialistas partidarios das innovacións dirixiron a súa atención á Embrioloxía pola súa contribución á diferenciación taxonómica, porén as dificultades técnicas eran grandes.

europeo (Fraga, 1989a, 1990b) e aborda unha grande actividade, amosada en numerosas recolleitas, na correspondencia cos especialistas e os envíos⁹¹. Nese contexto realiza, no verán de 1881, o máis ambicioso intento de estudo dos tritóns; trátase das observacións do desenvolvemento embriolóxico das especies presentes en Galicia⁹². Redacta unhas notas de observacións, acompañadas de numerosos debuxos, sendo o fio condutor a comparación entre taxons. Foron unhas experiencias novidosas, pero o obxectivo de Seoane non se acadou, pois non resolveu as dúbidas⁹³.

91 Chegamos a cuantificar a cifra de 424 exemplares de *Triturus boscai* enviados a sobranceiros naturalistas e herpetólogos de todo o mundo, entre febreiro e abril de 1880.

92 O naturalista acode a esta pescuda consciente do valor científico moderno. As consultas foron dirixidas a especialistas importantes, entre elas salientan as realizadas a Strauch, Peters, Bedriaga, Héron-Royer, etc.

93 Deuse un deficiente *diseño experimental*. O proxecto de Seoane esixía a medición sistemática, o traballo con importantes cantidades, a comparación entre numerosos exemplares, o seguimento dunha observación ao longo dun período de tempo dilatado, o uso de certo instrumental e instalacións; unha *metodoloxía cuantitativa*. Un taxónomo de gabinete, un naturalista polifacético, dificilmente podía abordar o traballo propio dun especialista, un moderno biólogo. De todos os xeitos, debemos considerar a grande dificultade técnica que entrañaba a diferenciación embriolóxica das especies de tritóns próximas taxonomicamente (Fraga, 1988a).

6. A PERVERSIÓN DA ORIXINALIDADE CIENTÍFICA

Se atendemos aos resultados convencionais obtidos, a estratexía científica de Seoane, o seu labor creativo, acadou un éxito xeral. Pero, como imos ver, unha parte notable deses brillantes resultados están contaminados polos espurios métodos utilizados na súa consecución. Ao longo do estudo deste científico fomos apreciando que nalgunhas biografías e en diversos escritos aparecían erros de diferente importancia (Fraga, 1992a, 1992b; 1993a)⁹⁴. Comprobamos, por exemplo, que naceu en 1832, e non en 1834, como figuraba habitualmente recollido; que foi profesor substituto no Instituto coruñés, non catedrático e non deixou ese posto, senón que foi obrigado a iso por carecer da titulación precisa⁹⁵. Algunhas atribucións sobre o exercicio da profesión médica non se confirman pola documentación e chamounos a atención que certas publicacións de Seoane non figurasen recollidas en relacións da súa bibliografía dun xeito cronolóxico coherente. Asemade, puidemos comprobar como nalgunha ocasión se manifestou como asesor científico, cando en realidade facía só de intermediario⁹⁶. Por outra banda, as relacións con científicos importantes foron numerosas e salientables, pero aparecían tratadas dun xeito esaxerado nos seus escritos⁹⁷. Todos estes datos transmitían certa alarma e poñían en cuestión a fiabilidade de Seoane como fonte, pero poderían entenderse como un excesivo desexo de notoriedade e unha

94 Nas iniciais, redactadas segundo os datos facilitados polo propio autor (por exemplo, Ovilio, 1883; Merino, 1907) e nas que recollían acriticamente eses textos.

95 E cuestións de diferente entidade. Por exemplo, o uso do apelido Montenegro, que era da súa avoa materna. Por certo, na súa esquelá, aparece como "Doctor en Ciencias", título que non posuía.

96 Así aconteceu no caso de Baltasar Merino. Seoane acudía a Johannes Lange para resolver as súas dúbidas taxonómicas, sen que Merino tivese coñecemento do feito.

97 Ocorreu, por exemplo, nos casos de Darwin, xa visto, e Humboldt. Do científico prusiano comentábase (Ovilio, 1883), unha suposta relación e misión encomendada a Seoane para o estudo da costa de Xibraltar, algo moi chocante (especialmente polo feito de dirixirse o sobranceiro Humboldt a un mozo descoñeci-

tendencia a fantasear⁹⁸. De todos os xeitos, un feito chamou especialmente a nosa atención. Trátase da publicación de 1870 denominada "Aves nuevas de Galicia", na que describe unha nova subespecie de peto, o *Gecinus viridis galliciensis*, e adianta algúns datos diferenciadores de dúas novas subespecies de perdiz, que *provisionalmente*, denomina, *Caccabis rufa hispanica* e *Perdix cinerea charrela*" (Seoane, ¿1870?: 1894). Sobre o folleto apreciábase (Fraga, 1992b) que ademais de non aparecer nas relacións bibliográficas dos anos seguintes, posuía elementos estraños, como o novidoso detalle das dúas láminas fotográficas, o moi escaso coñecemento que existía deste texto entre os especialistas e outras curiosidades⁹⁹.

Outro tema que tamén nos parecía sorprendente foi o da descrición por

do) e que atopou explicación no encargo que Humboldt realizara aos irmáns Brehm na súa viaxe a España (Fraga & Dosil, 2001). Como vimos, en Madrid Seoane fíxose amigo dos Brehm e puido coñecer a relación con Humboldt. Pois ben, esa debeu ser a base para a fabulación do noso naturalista sobre o suposto encargo que Humboldt lle fixera. Por outra banda, o tema obxecto de estudo era totalmente alleo aos coñecementos de Seoane.

- 98 En Fraga, 1993, dicíamos: "As deficiencias sinaladas teñen a súa orixe, en parte, na exclusiva utilización como fontes da información facilitada, directa ou indirectamente, por Seoane. Desde un certo sentimento de xentilhome, o noso autor tiña unha clara conciencia de notoriedade da súa capacidade e das relevantes relacións científicas que mantiña, coidando, en exceso, a súa imaxe de *savant* naturalista; o feito é que ofrecía datos algo alterados da súa biografía. Esas modificacións afectan a diversas cuestións, como a data de nacemento, publicacións reais, estudos realizados, entidade das relacións e coleccións... ; esta faceta do comportamento de Seoane non cuestiona a súa sobranceira aportación científica pero debe terse en conta á hora de aproximarse ao seu labor" (Fraga, 1993: 201-202).

- 99 Literalmente (Fraga, 1992b: 356-357):

+ A súa publicación coincide cun período de inactividade observacional no labor omitolóxico de Seoane.

+ O comentario que Seoane fai sobre as consultas con Darwin, ao falar do tema da diferenciación taxonómica. Esas consultas sorprendenos, non no relativo á pertinencia e corrección do seu contido, senón á dificultade extrema de que eses contactos tiveran lugar nese tempo, cousa que dubidamos moito.

+ Seoane tardará nada menos que 21 anos en describir as perdices, *Caccabis rufa hispanica* e *Perdix cinerea charrela*, e cando isto ocorra (Seoane, 1891), case non fará referencia a este traballo, como tampouco reclamará a data da descrición orixinal.

Seoane de dous herpetos en base aos exemplares supostamente recollidos polo seu irmán José Domingo nas illas Filipinas (Fraga, 1992b). En 1881 aparecería a publicación dun novo taxon, *Piesigaster Boettgeri* (Seoane, 1881), nos Cadernos do prestixioso Museo Senckenberger de Frankfurt a. Main. Grazas ao estudo da correspondencia de Seoane puidemos concluír que o autor intelectual e material do traballo foi Oskar Boëttger (1844-1910), quen, en base aos debuxos e datos remesados por Seoane, elaborou a descrición do novo xénero de herpeto, labor polo que cobrou en selos españois de Correos, circunstancia que merece salientarse, pois, non adoita coñecerse este tipo de prácticas no eido da Ciencia, que lembran a utilización dos denominados *negros* por determinados escritores¹⁰⁰. Seoane repetiría o proceso cun novo herpeto "filipino", un sapo; a mediados de abril de 1884, o dilixente Boëttger envíalle descrición do novo *Bufo Panayatus* (Seoane, 1890)¹⁰¹. Pero seis anos despois, en 1890, o teutón acadara maiores coñecementos da Herpetoloxía do Sul de Asia, e expresoulle a Seoane algunha dúbida sobre a procedencia dos exemplares "filipinos", que é "recibida" coa seguinte nota manuscrita do ferrolán¹⁰²: "(...) rompiendo relaciones por dudar que los reptiles cogidos por mi hermano José, no sean de Filipinas, cuando los recogió él mismo, en Panay, Mindanao, etc...". Como vemos, reacciona no plano da ofensa persoal, indignado polas dúbidas de Boëttger, pero o certo é que a partir deste momento levou a cabo repetidas xestións para comprobar ata que punto podía ser correcta a opinión deste. E Boëttger tiña razón. Confirmamos que os dous taxons non eran novos para a Ciencia nin filipinos¹⁰³; parece que algúns dos exemplares de herpetos recollidos por José Domingo López Seoane, procedían do Caribe, sendo mesturados cos orixi-

100 Tamén buscara a colaboración de Albert Günther, director do sección de Historia Natural do British Museum (Archive British Museum Natural History).

101 Doenzas e ocupacións do naturalista ferrolán retrasaron a publicación deste taxon ata 1890 nas *Mémoires de la Société Zoologique de France* (Seoane, 1890).

102 Carta de Boettger de 19 de setembro de 1890 (ms. 1327, BVLS; o suliñado é de Seoane).

103 Concluimos que *Piesigaster boettgeri* colocouse na sinonimia de *Epicrates inornatus*, especie de West-Indies, por George A. Boulenger en 1893 no *Catalogue of the Snakes in the British Museum (Natural History)* (p. 97) ; o taxon fora descrito por Reinhardt, como *Boa inomata* en 1843. Leohnard Stejneger, no seu

nais de Filipinas nalgún momento da longa travesía¹⁰⁴.

No seu momento relativizabamos a importancia do "caso filipino". Diciamos que a confusión na procedencia dos exemplares non só era produto dunhas circunstancias desgraciadas, senón o resultado dun sistema primario de recolleita e estudo da Fauna exótica¹⁰⁵. Entendiamos que Seoane tivera un comportamento parcialmente correcto, en canto á intención de vera-

artigo, "The Herpetology of Porto Rico". *Report of National Museum* (1902), sinala como localidade típica deste taxon *Puerto Rico*, lugar de onde estima deben proceder os exemplares de Seoane (pp 688-689). En relación ao *Bufo panayanus*, forma parte da sinonimia de *Peltaphryne lemur*, Cope, 1868, taxon propio de Haití, aínda que o exemplar descrito por Seoane debía ser de Puerto Rico, segundo Fr. Nieden en *Amphibia. Anura I* (1923). Berlin-Leipzig, W. de Gruyter (p. 137).

- 104 Seoane dirixiu as pescudas en dúas direccións básicas, por unha banda pídelles ao seu irmán José Domingo que lembre os detalles da recolleita; asemade, tenta acadar exemplares de herpetos de taxóns próximos, cos que puidese darse a confusión. José Domingo resposta en dúas cartas escritas desde Cabanas, A Coruña, o día 25 de xuño de 1891 (ms. 1148, BVLS), que non ten dúbida de que os exemplares da colección foron capturados nas Filipinas, se ben coidamos que a resposta non pechaba a posibilidade de que algúns exemplares tivesen outra procedencia. En todo o caso, como diciamos: "Para o que si valen estas cartas é para significar a confianza de Seoane e o seu irmán de que os herpetos eran filipinos, e de que non se trataba de nengun tipo de treta" (Fraga, 1992b: 349). Desde o punto de vista da comparación con outros herpetos, na busca da posible sinonimia, Seoane acode a taxóns próximos americanos; para iso, realiza numerosas xestións con Museos europeos onde se podían localizar. Compara o *Piesigaster* con *Chilabothrus inomatus* (do Museo de París) e o *B. panayanus* co *Bufo gutturosus* (do Museo de Berlín) e non andaba descamiñado nas súas pescudas. Coidamos que o herpetólogo galego debeu convencerse do erro cometido nos dos seus "taxons filipinos", pero non chegou a publicar ningunha aclaración. De feito, a incorrecta atribución a Seoane dos falsos herpetos filipinos foi admitida fóra do círculo de expertos na Herpetoloxía americana, e así figura recollida nos estudos sobre este autor e nalgúns establecementos científicos.

- 105 Jiménez de la Espada foi o outro autor que prestou atención a exemplares de fóra da Península; como naturalista na famosa exploración do Pacífico recolleitou herpetos, dos que deu conta en varios traballos presentados nos *Anales* da *Sociedad Española de Historia Natural*. Nos textos constátanse as dificultades para a correcta conservación e traslado das coleccións, o que podía favorecer confusións, pois ás veces trátase dun só exemplar, recollido por outro autor, sen

cidade, co aspecto discutible de non publicar as súas dúbidas¹⁰⁶. En todo caso, esa suposta honradez contribuíu a confundirnos. Pero a situación deu un novo xiro hai poucos anos. Co gallo da celebración do centenario da morte de Seoane (2000) organizamos a elaboración dunha monografía na que se abordaba a súa obra e, en xeral, o labor dos naturalistas. Entre os autores convidados a participar figuraba o investigador Abilio Reig, a quen lle solicitamos un artigo sobre a aportación ornitolóxica do noso naturalista¹⁰⁷. Reig apreciou, nun principio, algúns datos curiosos e estraños, pero, cando xa tiña rematada unha primeira redacción do artigo, comprobou que Seoane levara a cabo unha clara fraude científica. Efectivamente, na súa excelente pescuda (Reig, 2001) demostra que Seoane se atribuíu falsamente o descubrimento de dúas especies, *Gecinus Sharpei* e *Perdix hispaniensis*, ás que denominaría *Gecinus viridis galliciensis* e *Perdix cinerea charrela*¹⁰⁸. Reig coida que se debeu valer da relación co editor Vicente Abad para publicar con data fraudulenta tres folletos: *Revisión del Catálogo de las Aves de Andalucía*, *Aves nuevas de Galicia* e *Examen crítico de las perdices de Europa*, supostamente editados en 1870 os dous primeiros e en 1891 o terceiro, cando as tres publicacións son do ano 1894¹⁰⁹.

coñecer localidade, etc. Nesta nómina podemos incluír o caso de Adriano López Morillo, autor dunha notable colección malacolóxica, quen errou na determinación dalgúns exemplares, por atribuílos, de xeito equivocado, a Filipinas, como amosou Jorge Otero Schmitt no artigo Colección malacolóxica "Adriano López Morillo": revisión taxonómica e bioxeográfica. *Ingenium*, 3: 97-106 (1992).

106 E, por suposto, a utilización dun *negro* científico.

107 Levabamos anos de colaboración e para a realización do traballo fomecino, como xa fixera en ocasións precedentes, de copias de abondosos manuscritos e notas de traballo de Seoane.

108 *Gecinus Sharpei* fora descrita por Saunders en *Proc. Zool. Soc.*, p. 153, 1872. A descrición orixinal de *Perdix hispaniensis* correspondía a Reichenow: Bericht über die März-Sitzung 1892, *Allgemeinen Deutschen Ornithologischen Gesellschaft zu Berlin*, 1892. De tal xeito que só permanece, entre as aves, *Caccabis rufa hispanica* (Seoane, 1894) como subespecie válida descrita por Seoane.

109 No artigo faise mención de algunhas cuestións que comentamos. A proba previa máis evidente para Reig foi que no traballo de 1870 citara a pé de páxina os volumes do *Catalogue of the Birds in the British Museum*, que son de datas posteriores. En canto ao *Examen crítico* de "1891", ao citar os seus dous folletos 1870 –publicados en 1894– confirma a súa edición posterior. Reig amosa que existen

Posteriormente puidemos atopar novos indicios e probas sobre a trampa de Seoane¹¹⁰. Un aspecto clave da nosa pescuda foi a súa relación con Anton Reichenow (1847-1941), responsable de Ornitoloxía do Museo de Ciencias Naturais de Berlín. Este especialista alemán describira *Perdix hispaniensis* en 1892, en base a exemplares remesados polo ferrolán. A localización de dúas cartas de Reichenow permítenos agora profundar no tema e confirmar a fraude¹¹¹. Segundo a súa lectura, Seoane mandou exemplares

outras importantes probas de fraude, como a referencia a exemplares de *Perdix cinerea charrela* en Monte Faro e no Incio, cando os exemplares colleitados nesas localidades corresponden —á vista das notas manuscritas de Seoane no seu Catálogo— a 1892 (Incio) e 1894 (Monte Faro). Asemade, cando describe os políños de *Caccabis rufa hispanica* recolle case literalmente as súas notas manuscritas de 1894 (ms. 124, BVLS).

- 110 Entre os primeiros deben figurar que a súa documentación de traballo sobre as perlices estea centrada en datas posteriores á suposta publicación de 1891; asemade, a confirmación da ausencia das tres publicacións fraudulentas nas súas propias relacións bibliográficas e en diferentes escritos antes de 1895, así como nas obras doutros autores publicadas nesas datas e nos envíos a outros colegas e/ou institucións. Iso acontece coa separata que edita a *Société Zoologique de la France* sobre o batracio anuro “filipino” en 1890, na que indica “ouvrages du même auteur”. Na lista só faltan as publicacións que el diría de 1870 e o mesmo pasa coa lista que Seoane envía á Academia de Ciencias de Madrid nos anos noventa, ou na biografía de Ovílio Ríos (Ríos, 1883). Tampouco fai mención ás supostas publicacións no manuscrito de 1893 “Antecedentes de los Sres. Académicos de Número y de los Correspondientes Nacionales y Extranjeros, necesarios para la historia de la Corporación” (ms s.n., BVLS). Nin aparecen recollidas nos catálogos de Reyes Prósper e Arévalo Baca, de 1886 e 1887.

- 111 Unha das cartas está datada en Berlín o 13 de febreiro de 1892 (ms. 669, BVLS), nela Reichenow di que recibiu o exemplar enviado por Seoane de *Perdix cinerea*, que el entende distinta das alemás, pero pídelles ao naturalista ferrolán máis exemplares para confirmalo. A segunda, tamén datada en Berlín (o 15 de xuño de 1892, ms. 667, BVLS), escribela porque soubo da indignación de Seoane por ter publicado as diferenzas entre as perlices españolas e alemás (Reichenow, 1892). O científico xermano non entende o enfado, pois indica que Seoane non captaba esas diferenzas, xa que afirmara en carta de 18 de febreiro que a perdiz galega “ne soit qu’une simple variété locale”. Ademais, sinala que máis tarde repetira, carta de 16 de abril, que “vous ne trouvien pas de différence”, e que non lle comunicara a intención de publicar nada ao respecto.

nun momento no que non percibía as diferenzas, pero á vista do artigo de Reichenow pensou en gañarlle a prioridade na descrición da novidade, para o que era preciso facer a fraude, ou sexa, "publicar" o achádego con data previa a 1892, polo que puxo 1891 no seu folleto¹¹².

Esta perversión da orixinalidade científica provoca efectos devastadores na credibilidade persoal de Seoane e na valoración da súa obra. En primeiro lugar, a trampa salta a un primeiro plano como un posible recurso máis, buscado ou atopado, da estratexia creativa deseñada polo naturalista para acadar éxito. Asemade, loxicamente, lévanos a dubidar das datas reais de publicación do resto das edicións propias, basicamente do folleto *Identidad de Lacerta schreiberi* (Bedriaga) y *Lacerta viridis* var. *gadovi* (Boulenger) e *investigaciones herpetológicas de Galicia* (Seoane, ¿1884?: 1885)¹¹³. Efectivamente, a súa revisión confirmounos que a data de edición de 1884 non se debe corresponder co momento real da publicación, que puido ser 1885¹¹⁴.

112 Seoane, entre 1892 e 1894, realizou numerosas consultas e recolleitas. En 1894 publicou o artigo *Sur deux nouvelles formes de Perdrix d'Espagne* para reivindicar o fraudulento folleto de 1891.

113 O traballo ten dúas partes claramente diferenciadas; na primeira Seoane demostra que a *Lacerta Schreiberi* e a *Lacerta Gadovi*, descritas en 1878 por Bedriaga e en 1884 por Boulenger son o mesmo taxon. Na segunda parte expón unha revisión da herpetofauna galega, resultado das pescudas que realizou desde a elaboración do fallido Catálogo de 1877 e propón algunhas novidades.

114 No texto impreso indica como data de finalización da redacción o 23 de outubro de 1884, pero coidamos que debeu acontecer no ano 1885. Un borrador está asinado o 23 de novembro de 1884, un mes despois da data que aparece na edición, o que podería ser un erro, pero como non se trata do escrito definitivo non sería posible que a data de redacción fose a indicada por Seoane. Ademais, a correspondencia amosa que en 1884 aínda estaba moi confuso sobre os temas que aborda. Bedriaga, nunha carta a Seoane de 22 III 1885 (ms. 1364, BVLS), realiza una serie de afirmacións sobre *Lacerta muralis* coincidentes coas que aparecen en *Identidad*. Asemade, este autor enviou a súa descrición da *Lacerta schreiberi* a Seoane en carta de 11 XII 1884 (ms. 1356, BVLS). E o folleto non aparece enviado por Seoane, coñecido externamente, antes de segunda parte do ano 1885. Por outra banda, consideramos válido o folleto editado en 1878, "Notas..." (Seoane, 1878), pois as notacións manuscritas do propio Seoane no seu exemplar fan referencia a unha viaxe realizada ese ano.

Pero fagamos un balance xeral do impacto da fraude. Entre as tres variantes habituais: invención, falsificación e plaxio (Judson, 2006), atopámonos con falsificacións que afectan ás datas de publicacións e inciden no dereito á prioridade; tamén poderíamos incluír un certo plaxio polo uso de informacións publicadas con anterioridade. A iso debemos sumar o que denominaríamos "erro cabal" referido ao caso "filipino", en canto que parece que non houbo intención de fraude se ben observamos unha conduta científica criticable por non dar a coñecer publicamente Seoane as serias dúbidas que tiña sobre a identidade deses herpetos e o uso dun *negro* científico. A relación de trampas inclúe hoxe, á marxe doutras posibles prácticas científicas irregulares que unha nova revisión da obra de Seoane poida aportar, as falsificacións nas publicacións ornitolóxicas comentadas e debuxa un panorama fraudulento que afecta e cuestiona o conxunto do labor científico¹¹⁵. Da desfeita sálvanse outras publicacións, o labor práctico recollido en manuscritos, as importantes coleccións e o valioso patrimonio documental (incluíndo a correspondencia) e bibliográfico. Porén, á vista destes feitos, pódese afirmar que Seoane non acadou a dobre fortuna á que aludía La Mettrie, pois non foi quen de liberar polo estudo o seu espírito das falsas ilusións e o seu corazón da vaidade.

A revelación da fraude provocounos un fondo desacougo. Pero entendemos que a lamentable realidade supuña tamén unha valiosa oportunidade para coñecer mellor a biografía de Seoane e, sobre todo, profundizar nalgúns procesos dos que non está exento o labor científico, porque a investigación da falsificación obriga sempre a un seguimento polo miúdo do proceso de produción e edición de orixinais. Un reto que pretendemos afrontar contex-

115 Agora parecen ter sentido algunhas alusións e ausencias. Reig, 2001, sinala que H.F. Witherby defendeu a prioridade de *Picus viridis sharpei* (descrita por Saunders en 1872), indicando que a data de publicación do folleto de Seoane non parecía correcta. Asemade, tamén indica que Francisco Bemis, amosaría dúbidas en relación á datación. E Hartert mencionará a *Perdix perdix hispaniensis* Rchw., manifestando que a data de publicación 1891 de Seoane era falsa (Reig, 2001). A todo iso debemos sumar outras referencias sobre a irregularidade, como a que realizou C. Davies Sherborn en 1894 co seu texto, "The Ornithological Writings of Victor López Seoane". *Annals and Magazine of Natural History*, pp154-155. A fraude foi, polo menos parcialmente, coñecida, pero en ámbitos restrinxidos.

tualizando e analisando as posibles razóns e circunstancias. No noso labor de estudo e elaboración de biografías científicas nunca fomos partidarios da apoloxía e favorecemos unha visión crítica, alonxada das típicas haxiografías escritas para maior gloria do prócer¹¹⁶. De todos os xeitos, non por iso deixamos de sentir certa vertixe por dar a coñecer que un dos principais científicos do país, o máis relevante naturalista do XIX, cometeu unha impresentable falsidade.

Un comportamento que, de principio, poderíamos entender como totalmente alleo ao mundo da Ciencia se atendésemos á visión clásica da ética científica. De feito, Max Weber falounos dos científicos como uns seres con entrega total ao seu labor, dispostos a aceptaren o cambio e seren superados polos seus colegas, uns individuos dedicados á racionalidade e a desmitificación (Weber, 1995). Nesa liña, Robert Merton afirmou que estes especialistas comparten unas normas éticas que teñen como base a idea de que a verdade científica é invariante respecto aos seus portadores e de que a actividade dos científicos se centra na busca da verdade¹¹⁷. Segundo isto, non sería posible acadar a excelencia científica fóra da ética. Pero o propio Merton e outros estudosos da socioloxía e da historia das ciencias adicaron moita atención aos problemas ocasionados polas disputas pola prioridade dos descubrimentos entre científicos e aos numerosos casos nos que se incumpren esas idílicas normas éticas. Mais, se baixamos á realidade histórica observamos que os científicos non son diferentes ao resto dos profesionais e algúns cometen as mesmas trampas¹¹⁸. Eses casos son, probable-

116 Véxanse Fraga & Mato, 1993 e Fraga & Sisto, 2005.

117 Universalismo, comunismo, desinterese e escepticismo organizado. Universalismo, as pretensións de veracidade deben ser sometidas a *criterios impersonais preestablecidos*. A aceptación ou rexeitamento dunha proposta non pode depender dos atributos personais ou sociais do protagonista. Comunismo, entendido como que os achádegos substantivos da ciencia son un produto da colaboración social e son asignados á comunidade; constitúen un patrimonio común. Desinterese, unha actitude desinteresada, e escepticismo organizado, metodolóxico e institucional. Robert Merton *The Sociology of Science. Theoretical and Empirical Investigations* (1973). The University of Chicago Press. Chicago e Londres.

118 Por exemplo, os libros de William Broad e Nicholas Wade, Broad, *Betrayers of the Truth: Fraude and Deceit in the Halls of Science* (Broad & Wade, 1982) e de

mente, as excepcións nunha morea de actividades regulares. Efectivamente, a ciencia non é coma o patio de Monipodio, no que todos trampeaban desde certas aparencias. Claro que non. Pero tampouco escasean as irregularidades e, certamente, Seoane non foi o primeiro nin o derradeiro científico fraudulento¹¹⁹.

Decidimos iniciar a pescuda da xénese da fraude identificando as posibles "razóns" de Seoane para cometela, aquelas que dalgún xeito nos facilita el mesmo. Atendendo a diversas testemuñas súas poderíamos entender que se tratou da "lóxica" reacción á suposta desatención dos grandes especialistas. Comenta, por exemplo, cando se refire aos envíos en consulta de exemplares de *Lacerta schreiberi* a Lataste: "Transcurrieron así varios años, sin que las personas consultadas me satisficieran acerca de mis dudas..."¹²⁰. Ou cando di: "Si [estas especies] han figurado equivocadamente en los catálogos, no ha sido por falta de sus autores, sino por la negligencia

Horace Freeland Judson, *Anatomía del fraude científico* (Judson, 2006). Neles atopámonos con ilustres trampulleiros, como Claudio Ptolomeo (s. III dC), plaxiando as estrelas que aparecen na súa obra dun texto de Hiparco de Rodas (s. I aC). Ou os casos de falsificación de Erasmo de Rotterdam ou de Johann Bernoulli (1667-1748) quen publicou un libro, *Hydraulica*, en 1739, pero que falsificou a data de edición, poñendo 1732, para adiantarse a outra publicación do seu fillo Daniel Bernoulli (1700-1782), de 1738. E se nos referimos ás Ciencias Naturais en España, atoparíamos desde fantasiosos informes científicos de González de Linares para xustificar a localización da Estación de Bioloxía mariña na súa cidade (Fraga, 1996a), ata ofertas para redactar traballos a outros e deixarllos asinar para evitar a competetencia, como describe Jesús Catalá no seu excelente artigo "La botánica valenciana en el primer tercio del siglo XX: algunos aspectos de la organización de la práctica naturalista", en *Cronos*, 2 (2): 309-372, 1999. E recentemente, foron moi soadas as irregularidades cometidas por todo un Premio Nóbel, David Baltimore, ou por o pretendido codescubridor do virus da SIDA, Robert Gallo. E xa no propio nacemento da Bioloxía figura un acontecemento bastante singular, como foi a irregular xestión que fixo Darwin, o denominado "delicate arrangement", do manuscrito de Alfred Wallace para salvar a súa prioridade no descubrimento da Selección Natural (Brackman, 1980).

119 O acceso ás notas persoais de traballo é un elemento de valoración que non sempre está dispoñible.

120 Seoane, ¿1884?: 1885: 3.

cia de aqueles que, hálándose en condicións de ilustrar; ó carecen de competencia para ello, ó lo hacen con una reserva digna de la más severa censura¹²¹. Unha tese que o seguinte texto, correspondente a unha carta a Ernesto Caballero, podería ilustrar dun xeito modélico:

Sin duda alguna que es lo mas expedito consultar con los especialistas; pero, ¿espera Vd. buena fé y conciencia? He aquí el problema: unos años de experiencia me llevan demostrado que es raro, casi imposible hallar hombre tan leal que conteste honradamente y se tome la pena de decir la verdad y estudiar seriamente lo que se le envia. Sabe Vd. lo que hacen todos? Pues, si Vd. les envia una especie nueva, la publican (porque a rapaces nadie supera a los naturalistas), y creen aún dispensar alta honra al que los consulta(...) Pues bien, consultar a los especialistas no sirve mas que para tener una idea aproximada y caer en la red de la avaricia científica¹²²

Parece como se Seoane xustificarse dalgún xeito nesa suposta desatención o seu irregular comportamento. Nesa liña argumentativa situamos, por exemplo, o que afirma nunha carta remesada despois de cometer as falsificacións, nos derradeiros anos da súa vida: "(...) los desengaños, las ingratitudes, las tacañerías, soberbias, groserías y pretensiones de los sabios, me llevan más que aburrido. Soy independiente, poseo una buena fortuna, y no quiero tolerarles más"¹²³.

No quiero tolerarles más. Esa parece ser a súa xustificación. Probablemente tiña razón cando se queixaba do trato recibido nalgúns casos¹²⁴. E parece que nalgún momento houbo descoidos entre os seus

121 Seoane, ¿1884?: 1885: 12.

122 Carta de Seoane a Ernesto Caballero, 7-XI-1892, os subliñados son do propio Seoane (Arquivo familia Caballero, Pontevedra).

123 Carta de Seoane a Ernesto Caballero 5-III-1896 (Arquivo familia Caballero, Pontevedra).

124 Como cando se laiaba das críticas dirixidas polo catedrático da Universidade de Santiago, Gerónimo Macho Velado (1826-1899), un mediocre naturalista que desde anacrónicas posicións aportou pouco á ciencia (Fraga, 1992b). Tamén aceptaríamos que Lataste podía ter escollido a outros científicos como obxecto da súa demoledora crítica. Asemade, quizás Reichenow debeuno informar de xeito explícito da súa intención de publicación sobre a perdz.

mestres, pero nada especial nas relacións habituais entre as figuras académicas e o resto dos investigadores; un trato paternalista e condescendente que puido resultarlle especialmente irritante a Seoane¹²⁵. En todo o caso, non estamos de acordo coa súa queixa xeral e reiterada dun trato ofensivo, coidamos que non se deu a situación excepcional que denunciaba e que, obviamente, nunca xustificaría a fraude. Non se produciu esa desatención, pero quizás para Seoane, polas súas peculiaridades, o acontecido podería abonar para "xustificar" o seu comportamento¹²⁶.

Porén fagamos análise do mecanismo de falsificación desde a práctica científica, a personalidade do naturalista e as condicións materiais nas que desenvolvía a súa produción. Segundo o noso punto de vista, a fraude xérase no proceso seguido pola actividade científica de Seoane na súa segunda etapa. Lembremos que retoma o seu labor naturalista nos anos setenta desde unha certa frustración. Nesta quenda xa abandonara as pretensións de facer carreira académica, dispón de medios e busca uns obxectivos científicos diferentes e que lle reporten unha certa notoriedade. Vai ir abandonando o estudo dos insectos ortópteros, nos que a presenza de novos e competentes investigadores facían complexo descubrir novidades. Dirixe a súa atención cara a Herpetoloxía e a Ornitoloxía.

En Herpetoloxía atópase cun terreo con boas expectativas de éxito, de atopar novidades, de describir novas formas. Pero, fronte a esas excelentes perspectivas, vai ver, con dor, como outros científicos se lle foron adiantando na descrición de novos taxons de animais de aquí. O tema empeza cos tritóns e o ferrolán contempla como Lataste describe unha nova especie, *Pelonectes boscai*¹²⁷, un animal frecuente por estas terras, polo que Seoane se laia de non telo diferenciado. A continuación afronta o valioso estudo das

125 Especialmente cando a posición académica do interlocutor non se correspondía coa capacidade investigadora.

126 Como vimos, en diversas ocasións fantaseou a partir dalgúns episodios da súa biografía, polo que a insistencia no tema da inaxeitada atención converte a nunha sólida pista sobre a cerna das súas motivacións.

127 Hoxe *Triturus boscai* (Fraga, 1989a). Foi Bosca quen percibe certas diferenzas entre exemplares dun tritón recolleitados en Ciudad Real e os coñecidos da especie próxima, á que tiña asimilado no seu Catálogo, *Triton parisinus*. O valenciano envía eses exemplares a Lataste o 2 de novembro de 1878; o resultado será a creación dun novo xénero e especie de tritón por Lataste.

larvas dos tritóns, de cara a identificar un novo taxon, pero, como vimos, non dá resolto o complexo problema. Outra novidade da que estivo preto foi a vibora galega, *Vipera Seoanei*, que acabou describindo, tamén, o herpetólogo francés. Seoane coidaba que era un novo taxon, pero o seu antigo asesor Steindachner non estaba de acordo; porén, cando inicia os seus contactos con Lataste, mándalle exemplares da víbora e o francés anúncialle que se trata dun taxon novo e pídelle permiso para proceder á súa descrición¹²⁸. Seoane aceptou, a pesar do que diga despois, pero o feito supón unha nova frustración, outra novidade que lle "fuxía". Se a crítica de Lataste agudizara a incomodidade cos grandes expertos, agora fica molesto cos vellos especialistas, que o asesoraron mal e coas autoridades académicas españolas¹²⁹. Estes feitos fan que dubide da vella escola; dáse conta de que as novas teorías e especialistas teñen unha consideración distinta da variabilidade biolóxica, unha forma de ver a natureza que abre as portas a novos taxons¹³⁰. Así empeza o traballo cos *Lacértidos* (recolleitas, adquisición de exemplares,

- 128 Anos antes da publicación do seu Catálogo de 1877, xa percibira certa variabilidade nos exemplares que recollera en Galicia, con relación á descrición dos exemplares-tipo da especie á que se supuña pertencían, *Vipera berus*. Consecuencia destas anomalías, foi o envío dalgúns exemplares en consulta ao seu vello coñecido, o herpetólogo Franz Steindachner, do Museo de Viena. Como Seoane coidara que se trataba dun novo taxon, denominouno *Vipera stendachneri*, pero o herpetólogo austríaco, desde a perspectiva tradicional, considerou que as diferenzas presentes nos exemplares non abundaban para crear un novo taxon e disuadiu o naturalista galego.

- 129 Unha queixa na que tamén coincidía Boscá:

La vibora que teníamos por ammodytes es una especie nueva ... Lo bueno del caso es que los señores de Madrid han sido los que nos han hecho incurrir en la equivocación; pues estoy cansado de ver dicha vibora en los museos, clasificada equivocadamente.

No sé como tomaran mi nota que va a publicarse, pero bastante hago en ella en confesar que yo he sido el que me he equivocado, sin aludir ni remotamente a nuestros dioses olímpicos en Historia Natural. El contraste sería risible, si no hubieran tenido que avisarme de fuera casa, como si dijéramos, del error en que estábamos (carta de Boscá a Seoane, 19 de outubro de 1878, ms. 2064, BVLS). O aviso de *fuera de casa* procedía de Lataste.

- 130 Aposta polos contactos con Bedriaga, Boulenger e Lataste. Non podemos obviar, neste contexto, o uso das novidades darwinistas.

intercambios, etc.), avanzando desde a confusión lóxica pola dificultade do labor e o enfado por non acadar cousas novas. Coa modificación de data no folleto *Identidad*, cambio posible ao ser el quen se fai cargo da súa propia edición, decide incorporar a descrición completa de *Lacerta schreiberi* e facer unha certa crítica a Lataste, Boulenger e Bedriaga, por escasa atención ou precipitación nas descricións. Realiza unha primeira fraude, máis limitada que as posteriores, por datas e contidos. Parte dunha certa confusión no tema, recolle as opinións dos expertos e modifica a data de publicación, ensaiando un sistema que pode entender como "operativo" e que utilizará posteriormente¹³¹. Trátase, obxectivamente, dun novo recurso da estratexia despregada por Seoane, un elemento que vai medrando e ocupando un crecente protagonismo. Un mecanismo fraudulento, pero que —como acontece en casos similares— só está ao alcance, paradoxalmente, dun investigador competente, coñecedor da profesión e dos métodos en uso (LaFollete, 1992).

No caso das Aves, Seoane deixara o labor ornitolóxico nos anos 60 e retómarao nos oitenta (Fraga, 1992b). Coidamos que esa volta tivo moito que ver coa aparición por eses anos dos catálogos sobre Aves de España de Reyes Prósper e Arévalo Baca¹³²; polas anotacións parece que el podería ter elaborado eses textos e moléstanlle algúns comentarios¹³³. Asemade, o coñecemento nese tempo dos traballos de Saunders puido influír nas súas decisións¹³⁴. O ornitólogo inglés Howard Saunders, nun interesante

131 Poderíamos pensar que a estraña ausencia dunha publicación posterior de Seoane coa descrición detallada de herpetofauna galega pode estar motivada polas prácticas irregulares, que deberon ser detectadas por algúns colegas.

132 O de Reyes Prósper era o Catálogo de las Aves de España, Portugal e Islas Baleares. *Anales Soc. Esp. Hist. Nat.*, **XV** (1886) e o de Arévalo Baca, Aves de España, nas *Memorias da Real Acad. Cien. Ex., Fis. Nat.* Madrid (1887).

133 Como éste de Arévalo sobre a cita da Alondra de Dupont no seu Catálogo de 1861: "... el Sr. López Seoane dice que es sedentaria, aunque poco común, en las cercanías de Granada, principalmente en invierno. Yo no tengo ninguna otra noticia, y dudo mucho de la exactitud de la del Sr. López Seoane" (Arévalo, 1887: 218). Seoane publicaría que o traballo de Arévalo estaba cheo de erros e inexactitudes (López Seoane, 1894: 93).

134 Coñecemento ao que, probablemente, tivo un primeiro acceso polo catálogo de aves de Arévalo, de 1887.

artigo publicado en 1871, *A List of the Birds of Southern Spain*, fixera referencia ao *Catálogo de Aves de Andalucía* (Seoane, 1861), que eloxiaba porque "contains more details than any other", pero criticaba que "(...) palpable errors disfigure its pages, and destroy confidence in several species therein enumerated"¹³⁵. Seoane, coa publicación da "Revisión" (Seoane, ¿1870 a?: 1894) pretendería desculpar os seus erros¹³⁶. E con "Aves nuevas" (Seoane, ¿1870b?: 1894) desexaría gañar a prioridade sobre a descrición do *Gecinus Sharpei* de Saunders (1872). E, por último, cando Reichenow publica en 1892 desencadea unha febril actividade de Seoane e "obrígao" a publicar un artigo, *Sur deux nouvelles formes de Perdrix d'Espagne* (Seoane, 1894), e remitir a unha publicación fraudulenta de 1891 (Seoane, ¿1891?: 1894) para gozar da prioridade na descrición.

Coidamos, pois, que Seoane non foi quen de soportar a tensión xerada polas dificultades que atopou para acadar éxito na descrición de novos taxons e traspasou a fronteira que existe entre a excelencia e o delito. A mortificación de verse adiantado por outros colegas debeu ser unha carga excesiva para a súa personalidade narcisista¹³⁷. E transferiu un carácter doloso ás fantasías coas que sempre adornara o seu currículo. Entendemos que esa é a cerna da fraude. Unha tensión agudizada, agilloada polas críticas e certas desatencións, que actuaban sobre un substrato persoal vaidoso e marcado por un extremado desexo de éxito e notoriedade¹³⁸.

O brillante poeta inglés Alfred Tennyson (1809-1892) fálanos, no seu fermoso poema *Ulysses*, dun épico momento no que, ao remate da aventura, o heroe lle pide á súa tripulación, xentes cansas e avellentadas, un novo esforzo; un ancián Ulises solicítalles un derradeiro acto de dignidade:

*Death closes all: but something ere the end,
Some work of noble note, may yet be done...*¹³⁹

135 Publicado en *The Ibis. A Quarterly Journal of Ornithology*, 1 (1), o comentario está na páxina 55.

136 No folleto (publicación non citada, loxicamente, en Saunders, 1871) indica que puido revisar coleccións andaluzas e contrastar nos Museos europeos, algo que só tivo ao seu alcance máis tarde.

137 Manuel Fernández Blanco, como. pers.

138 Algo que pon continuamente de manifesto nos seus manuscritos.

139 Tennyson, *Ulysses*, *Poems*, 2 vols, Boston, 1842

Seoane non foi quen dese *work of noble note* e utilizou de xeito espurio os medios á súa disposición. O desexo de se facer notar ante os demais levouno a esaxerar os éxitos, que ficarán, por iso, nunha paradoxal situación, rebaixados na historia. Loitou por impoñer a súa presenza e acadouno no seu tempo. Pero pasados os anos, moito do seu labor ficaba no esquecemento. Coas nosas pescudas, un elemento fortuito, rescatámolo da escuridade, dalgún xeito "atendemos" o seu desexo. Pero esa "visibilidade" acadada, co acceso a uns manuscritos que probablemente non pensaba deixar para a posteridade, acaba —e aí reside o paradoxo— por levalo ao descrédito, a unha nova e máis definitiva escuridade.

Agora ben, se Seoane cometeu a fraude como unha elección persoal, no seu comportamento inciden determinadas circunstancias e un contexto institucional. En primeiro lugar, debemos reparar en que a relación entre investigadores e grandes expertos adoita moverse nun ambigüo terreo entre a cooperación e a competencia (Grafton, 2001). Seoane —e moitos científicos do seu nivel— necesitaba deses especialistas, estaba obrigado a recorrer a eles para poder avanzar no camiño do éxito científico, unha dependencia que puido agudizar a incomodidade que sufría. As tarefas emprendidas eran complexas e requirían un asesoramento continuo e moi cualificado que só os expertos de vangarda podían fornecerlle. De feito, as súas aportacións científicas xenuínas son debedoras, en bastante medida, ás veces dun xeito substancial, das axudas destes persoeiros, algo que, por outra parte, acontecía a numerosos científicos¹⁴⁰. Iso permite entender mellor a ambivalencia e duplicidade no seu trato, suxeito a unha dependencia que por momentos lle resultaba molesta, ou, simplemente, fería a súa vaidade e provocaba un resentimento, favorecido por un carácter susceptible, pouco dado a encaixar as críticas. Pero, en segundo lugar, a relación dependente nacía dunha obxectiva inferioridade de medios para o labor científico fronte aos grandes especialistas europeos. Nese contexto, Seoane xogaba nunha clara situación institucional marxinal, amortecida só parcialmente polos seus medios persoais.

Cómpre subliñar que a Ciencia é unha actividade que se desenvolve dun xeito heteróxeneo. As grandes institucións e certas áreas xeográficas con-

140 Como ocorreu, por exemplo, con Eduardo Boscá, debedor en grande medida do seu éxito científico ao asesoramento de Fernand Lataste.

centraron historicamente unha elevada porcentaxe de especialistas e achádegos científicos, porque facer ciencia de vangarda ten moito que ver coa disposición de determinados recursos que non se distribúen homoxeneamente. O científico, coma o caracol, non pode ser contemplado como un elemento illado. Fai ciencia nun sistema, a súa cuncha, nunha organización, formal ou non, constituída por laboratorios, equipos, ambiente, contactos, tradicións, etc. No tempo de Seoane, o traballo na súa especialidade, Taxonomía zoolóxica, desenvolvíase tamén dese xeito desigual entre especialistas. Os dos grandes museos e institucións gozaban dunhas coleccións, bibliografía, contactos, medios, etc. moi superiores¹⁴¹. Sempre existiu, e existe, centro e periferia no saber científico. Por iso, o investigador periférico sabe que se enfronta a dificultades inherentes a esa situación estrutural e entende que o éxito científico non depende en exclusiva da súa capacidade persoal.

Hai un elemento que non podemos obviar na nosa análise final, a responsabilidade de Seoane como intelectual. E para falar diso compriría partir da realidade. Porque a nosa sociedade non foi excedentaria, historicamente, de exemplares comportamentos entre as clases dirixentes. Asemade, a ignorancia e o desprezo polo patrimonio natural e cultural vén sendo moi común entre nós e algúns hábitos de conducta non salientan polo seu valor ético. Lonxe de servir de coartada, esa situación esixe ás nosas elites unha contribución intelectual realizada desde a dignidade, exemplarizante, aínda que iso

141 O século XIX foi o tempo da consolidación dos Museos, medrando o seu número considerablemente. De todos os xeitos, dábase unha diferenciada tipoloxía de establecementos. Os centros museísticos de primeira liña, como o British Museum (Natural History), o *Senckenbergen Naturforschenden Gesellschaft* de Frankfurt a.M. e o *American Museum of Natural History*, de New York, dispuñan de importantes medios e dun persoal especializado, e, ademais, artellaron un sistema de captación de coleccións de Flora e Fauna de todo o mundo, algo básico no seu labor. Este sistema, que se concretaba de distintos xeitos, achegaba un voluminoso caudal de materiais, que incidían, dunha forma substancial no desenvolvemento dos estudos biolóxicos, nomeadamente os taxonómicos e bioxeográficos. O feito é que a diferenza obxectiva entre os medios dispoñibles, persoal, coleccións que gardaban os distintos Museos, era abismal, e obrigaba aos establecementos de segunda orde a un limitado papel en certas áreas taxonómicas.

supoña limitar as posibilidades de protagonismo. Hai na actividade de Seoane un aspecto moi eloxiable, o seu esforzo e atrevemento intelectual para afrontar retos complexos. Foi quen de iniciar unha intensa travesía vital. É louvable que como moderno Odiseo quixese escoitar os cantos das sereas, ou sexa, gozar da vida e do triunfo. Pero cumpría o intelixente e necesario control para evitar que eses cantos o levaran cara a súa destrución. E Seoane non foi quen de amarrarse ao mastro do buque, como lle indicou Circe a Ulises. Nese sentido, fallounos, porque a excelencia non pode ser un privilexio, senón unha responsabilidade.

7. REMATE

Esta historia comezou como unha sosegada narración dunha aventura cara o éxito científico pero complicouse e remata cun desacougante retrato dunha necesidade neurótica de éxito. No seu percorrido vital Seoane estivo sometido a unha dobre influencia, o amor ao estudo da natureza e o desexo irrefreable de protagonismo. Cando rematamos a nosa exposición parece oportuno preguntarnos, quizás pola necesidade dos remates con mensaxes esperanzadas, aínda en historias que coma esta teñen un final triste, qué ficaba —á vista da deriva acontecida— daquel estímulo polo coñecemento da natureza no home cando estaba preto da súa fin biolóxica. A resposta non é doada, pero nunha carta escrita catro anos antes da morte, Seoane afirmaba que seguía traballando cientificamente porque "(...) conservo el 'amor el arte'..."¹⁴². Posiblemente, a pesar de todo, debemos crer que efectivamente, no ancián permanecía aínda algo dese "amor á arte", o gusto polo estudo da natureza, un remanente da atracción da nenez e da actividade compartida da mocidade. Ese residuo era, seguramente, unha das partes máis interesantes do mundo emocional de Seoane, se estivermos de acordo co afirmado por Ramón Otero Pedraio: "O máis valioso que temos é aquilo que foi salvo do naufraxio dos nosos ideais adolescentes"¹⁴³.

142 Carta de Seoane a Ernesto Caballero de 5 de marzo de 1896 (Arquivo familia Caballero).

143 Segundo afirma Méndez Ferrín no libro de Xosé Luis Franco Grande (1985): *Os anos escuros*, I. Vigo, Edicións Xerais: páxina 16.

8. 1. FUENTES MANUSCRITAS

ARQUIVO FAMILIA CABALLERO (PONTEVEDRA)

Cartas dirixidas por Seoane a Ernesto Caballero Bellido, sen catalogar.

ARQUIVO HISTÓRICO UNIVERSIDADE (SANTIAGO)

Expediente Persoal de Víctor López Seoane. Cartafol 739, nº 20.

INSTITUTO JOSÉ CORNIDE DE ESTUDIOS CORUÑESES (A CORUÑA). *Manuscritos. Biblioteca científica López Seoane* (BVLS). Sen catalogar. Utilizamos a numeración de manuscritos segundo a ordenación provisional realizada por nós.

8. 2. BIBLIOGRAFÍA

Allen, D.E. (1976): *The naturalist in Britain. A Social History*. London, Penguin Books Ltd.; (1988): The Survival of the amateur tradition in the newly professional world of Biology. *Papers, History Science Society. British Society for the History Science Conference*. Manchester, July 1988.

Barreiro Fernández, X. R. (1986): *Historia de la ciudad de La Coruña*. La Coruña, Ed. la Voz de Galicia.

Brackman, A. (1980): *A Delicate Arrangement*. New York, Times Books

Broad, W. & Wade, N. (1982): *Betrayers of the Truth: Fraude and Deceit in the Halls of Science*. New York, Simon & Schusters

Carballal, R.; Fraga, X.A.; García, A. e Reinoso, J. (1992): *A Colección de Musgos, Hepáticas e Liques de López Seoane e Hult*. Seminario de Estudos Galegos, Area de Bioloxía. O Castro-Sada (A Coruña). Edicións do Castro.

Casado, S. & Fraga, X.A (2005): Introducción histórica á conservación da natureza en España e Galicia. *Galicia. Ecoloxía, Conservación I*, tomo XLV, pp 41-73. A Coruña, Hércules de Ediciones.

Coleman, W. (1971): *La Biología en el siglo XIX*. Fondo de Cultura Económica, México, 1983. Tradución do orixinal inglés de 1971.

Devesa, J.A. & Viera, Ma. C. (2001): *Viajes de un botánico sajón por la Península Ibérica*. Servicio Publicaciones Uni. Extremadura, Cáceres.

Díaz-Fierros, F. (2001): Hipótesis miasmáticas y alcantarillado. El gran hedor de El Ferrol en el siglo XIX. *Ingenium*, 7: 143-150.

Dosil, F. J. (1997): *El herbario de algas de Víctor López Seoane (1832-1900). Aportación a la flora marina gallega*. Tese de licenciatura inédita. Universidade da Coruña.

Fraga Vázquez, X. A. (1988a): Embrioloxía e taxonomía a fins do século XIX. As notas embriolóxicas de López Seoane (1881) no contexto da Herpetoloxía europea. *Ingenium*, 1: 27-58; (1988b): A Herpetoloxía a fins do século XIX: o labor de López Seoane. *Estudios sobre Historia de la Ciencia y de la Técnica*, II: 867-879. Valladolid; (1989a): A polémica sobre *Triturus boscai* Lataste 1879 na Herpetoloxía europea de fins do XIX. A discusión entre dous Paradigmas científicos. *Asclepio*, XLI: 281-304. Madrid; (1989b): París, 1889. Exaltación e desenvolvemento das ciencias e das técnicas. *Grial*, 104: 541-555. Vigo; (1989c): Novos datos sobre os contactos entre Darwin e López Seoane (1881) e unha valoración global da influencia darwinista no labor científico do naturalista galego. *Revista do Instituto José Comide de Estudios Coruñeses*, 22 (1987): 5-26. A Coruña; (1990a): A modernización da Taxonomía herpetolóxica a fins do XIX no Estado Español: as aportacións de Boscá e López Seoane. *Treb. Soc. Cat. Ictio. Herp.*, 2 (1989): 26-43. Barcelona; (1990b): Datos históricos sobre a identidade de *Triturus helveticus alonsoi* (Seoane, 1884). Dúvidas e contradicións en Taxonomía no momento de cambio de paradigma científico. *Llull*, 13: 403-426. Zaragoza; (1991): Introducción á Ornitoloxía na Galiza do século XIX. Descrición e análise dun brillante período. *Actas do Primeiro Congreso Galego de Ornitoloxía*: 231-247. Santiago, Universidade de Santiago; (1992a): *Víctor López Seoane*. A Coruña, Galicia Editorial, 31 pp; (1992b): *Bioloxía na Galiza na segunda metade do século XIX (1868-1903): ensino, divulgación, debates, produción, institucionalización e recepción de novidades*. Santiago, Universidade de Santiago. Servicio de Publicacións e Intercambio Científico; (1993a): López Seoane, Víctor. In Fraga Vázquez & Mato Domínguez. *Diccionario histórico das Ciencias e das Técnicas de Galicia. Autores, 1868-1936*: 201-208. O Castro-Sada (A Coruña). Publicacións do Seminario de Estudos Galegos; (1993b): Recepción do dar-

winismo na Galiza. Primeiras reaccións (1859-1874). *Historia Nova I. Contribución dos Xovenes Historadores de Galicia*: 205-215. Santiago, Tórculo A. G.; (1994): O Instituto de 2a. ensinanza de A Coruña no século XIX. O ensino das Ciencias Naturais. *Revista del Instituto "José Comide" de Estudios Coruñeses*. 27-28 (1992-93): 53-94; (1995a): A colección de peixes de Víctor López Seoane. In *Gallaecia Fulget (1495-1995): cinco séculos de historia universitaria*, p. 422. Santiago, Universidade de Santiago; (Fraga, 1995b): Historia do Instituto de Pontevedra. As Ciencias Naturais, 1845-1936. *Pontenova. Revista de Investigación Xove*: 109-131. Pontevedra; (1996a): La institucionalización de la biología marina en España. El mito de González de Linares (1845-1904). *Antilia* (Revista Española de Historia de las Ciencias de la Naturaleza y de la Tecnología). Vol. II, art. 1. <http://www.ucm.es/OTROS/antilia>; (1996b): A "Reseña de la Historia Natural de Galicia" na obra do naturalista Seoane. Estudio previo á edición facsimilar: López Seoane, V., *Reseña de la Historia Natural de Galicia*, pp 9-28. Publicacións da Área de Ciencias Biolóxicas do Seminario de Estudos Galegos. O Castro-Sada (A Coruña), Edición do Castro; (1997): Efectos en Galicia da renovación científica promovida por Sarmiento e outros ilustrados. A constitución da Academia de Gardas Mariñas e dos Colexios prácticos. *O Padre Sarmiento e o seu tempo. Actas do Congreso*, II: 405-425. Consello da Cultura Galega-Universidade de Santiago, Servizos Publicacións da Universidade de Santiago; (1998a): Aportación al estudio de la obra del naturalista Graells. In García Hourcade, J. L.; Moreno Yuste, J. M. & Ruíz Hernández, G. *Estudios de Historia de las Técnicas, la Arqueología industrial y las Ciencias*, II: 839-848. Salamanca, Junta de Castilla y León; (1998b): Naturalistas espanhois nas grandes Exposicións do século XIX (Lisboa, 1998). "Colóquio O Mundo Ibérico nas Grandes Exposições" (inédito); (2000). Lembranza do naturalista Seoane no centenario da súa morte. *Boletín das Ciencias*, nº 42: 44-49; (2001): La constitución de la Historia natural en España. La actividad de los naturalistas a mediados del siglo XIX y el proyecto de catalogación de Graells. *Ingenium*, 7: 225-242; (2002): La recepción del darwinismo en la práctica científica de los naturalistas españoles del siglo XIX. In Puig-Samper, M.A.; Ruíz, R. & Galera, A., editores *Evolucionismo y Cultura. Darwinismo en Europa e Iberoamérica*, pp 249-265. Madrid, Doce Calles; (2003): Alexander von Humboldt und Johann Wolfgang von Goethe in der spanischen Naturwissenschaft des 19.

Jahrhunderts. *Acta Historica Leopoldina*, 38: 33-46; (2004): Víctor López Seoane. La aportación de un naturalista aficionado. *Historia Natural*, 8: 78-79; (2005a): Sociedades e expedicións: os gabinetes de historia natural na Galicia da segunda metade do século XIX. In *Xulio Verne: unha viaxe pola Galicia extraordinaria*, pp 108-133. RDO Comunicación, Tórculo Artes Gráficas; (2005b): La recepción de la obra científica de Humboldt en la España del siglo XIX. In Cremades, J. Dosil, J. & Fraga, X. A. (editores). *Humboldt y la ciencia española*, pp 195-214. O Castro-Sada (A Coruña), Edicións do Castro.

Fraga, X. A. & Acha, A. (2004): La Historia Natural en España en la "etapa intermedia" del siglo XIX. La correspondencia entre Juan Mieg y Léon Dufour (1841-1858). *Actas VIII Congreso SEHCYT: Historia de las Ciencias y de las Técnicas*, II: 519-535. Logroño, Universidad de la Rioja.

Fraga, X. A. & Bugallo, A. (1990): O Patrimonio histórico científico, situación e posibilidades de utilización dun valioso recurso cultural. *Ingenium*, 2: 119-135.

Fraga, X.A. & Mato, A., coords. (1993): *Diccionario Histórico das Ciencias e das Técnicas de Galicia. Autores, 1868-1936*. Seminario de Estudos Galegos. O Castro-Sada (A Coruña).

Fraga, X.A. & Sisto, R. (1993): Scientific institutionalization in Galiza (Spain) at 19th century. Initial approach and first results. *Abstracts. Symposia. XIX International Congress of History of Science*, 56.8. Zaragoza; (2005): *Diccionario Histórico das Ciencias e das Técnicas de Galicia. Autores/ (anteriores a 1868)*. Seminario de Estudos Galegos. O Castro-Sada (A Coruña).

Fraga, X.A. & Díaz-Fierros, F. (2003): Historia de las Ciencias Naturales en Galicia. *Galicia. Naturaleza. Geología*, tomo XXXVI, pp 23-69. A Coruña, Hércules de Ediciones.

Fraga, X.A.; Rikkinen, K. & Vidal Romani, X.R. (1995): The visit of the geographer and botanist Ragnar Hult to Galiza in 1899. *Ingenium*, 4: 7-67.

Fraga, X.A.; Varela, M. & Costas, E. (1989): *As investigacións micrográficas de Ernesto Caballero (1858-1935)*. Publicacións do Seminario de Estudos Galegos. O Castro-Sada (A Coruña), Edicións do Castro.

Galán, P. (2001): Las investigaciones herpetológicas de Seoane. *Ingenium*, 7: 255-268.

Grafton, A. (2001): *Falsarios y críticos. Creatividad e impostura en la tra-*

dición occidental. Barcelona, Editorial Crítica.

Jahn, I. et al. (1989): *Historia de la Biología*. Barcelona, Ed. Labor.

Judson, H. F. (2006): *Anatomía del fraude científico*. Barcelona, Crítica

LaFollette, M. (1992): *Stealing into Print. Fraud, Plagiarism and Misconduct in Scientific Publishing*. Berkeley, CA, University of California Press.

Lataste, F. (1878 a): Les Reptiles de la Galicie. *Revue internationale des Sciences*, **22**: 693-697. Paris.

Martínez Barbeito, C. (1978): *Torres, pazos y linajes de la provincia de La Coruña*. A Coruña, Publics. Diputación provincial de La Coruña.

Mayr, E. (1972): The Nature of the Darwinian Revolution. *Science*, **176**: 981-989; (1983): Darwin, intellectual revolutionary. *Evolution from Molecules to Men* (Bendall, ed.): 23-41. Cambridge, UK, Cambridge University Press.

Meijide Pardo, A. (1991): *Eusebio da Guarda y el Instituto de 2a. enseñanza de La Coruña*. A Coruña, Impr. "La Voz de Galicia".

Merino, B. (1907): Don Víctor López Seoane como naturalista. In *Varios, Linneo en España*: 327-340. Zaragoza, M.Escar.

Ovilio y Otero, M. (1883): Biografía del naturalista español Don Víctor López Seoane. *Escenas Contemporáneas*, I (8): 351-361. Madrid.

Pulido, A. (1874): El Dr. D. Víctor López Seoane. *Anfiteatro Anatómico Español*, año 2: 244-245. Madrid.

Reig, A. (2001): Víctor López Seoane (1832-1900) como ornitólogo europeo en el centenario de su fallecimiento: la relación de Víctor López Seoane con Alfredo y Reinaldo Brehm y su importancia para la Ornitología Ibérica. *Ingenium*, **7**: 345-377.

Reig, A. & Fraga, X.A. (2000): La contribución de Alfredo y Reinaldo Brehm a la Ornitología ibérica en su viaje científico a España de 1856 a 1857. In Ausejo, E. & Beltrán, Ma. C. (Eds.). *La enseñanza de las Ciencias: una perspectiva histórica*. Zaragoza, Universidad de Zaragoza, pp. 823-848.

Ron Pedreira, A. (1983): Víctor López Seoane, naturalista gallego. Notas para una biografía. *Concepción Arenal. Ciencias y Humanidades*, **4**: 45-50. Ferrol.

Ron Pedreira, A. & López-Perea, F.J. (1974): López Seoane y Pardo-Montenegro, Víctor. *Gran Enciclopedia Gallega*, **299**: 165. Santiago-Gijón, Editorial Silverio Cañada.

Sisto, R. & Fraga, X.A. (1996): A recepción da Ciencia moderna na

Universidade de Santiago, 1772-1845. A incorporación da Física e da Química e o labor dos Colexios prácticos. *Ingenium*, 5: 23-58.

Weber, M. (1995): *El político y el científico*. Barcelona, Altaya

APÉNDICE: PUBLICACIONES DE SEOANE

Entre as publicacións científicas de Seoane salientamos as seguintes¹⁴⁴

Seoane, V. L. (1854): Botánica. Familia de las Crucíferas. *La Nueva Estrella. Semanario Enciclopédico de Ciencias, Literatura y Artes*, Madrid, 1-II-1854.

(1861): Catálogo de las Aves observadas en Andalucía. *Rev. Progr. Ciencias*, 11: 326-384.

(1861-63): *Fauna Mastológica de Galicia*. Santiago, M. Mirás.

(1862): Réplica a las observaciones hechas por D. Pedro Saínz Manteca, al Catálogo de las Aves de Andalucía. *Revista Ibérica*, 4: 462-467.

(1866a): Reseña de la Historia Natural de Galicia. Lugo, Impr. Soto Freire, 66 pp

(1866b): Catálogo de las colecciones ornitológicas regaladas por D. Víctor López Seoane. *Memoria Instituto de Pontevedra*: 33-43. Pontevedra.

(¿1870 a?: 1894): *Revisión del Catálogo de Aves de Andalucía*. A Coruña, Impr. V. Abad, 18 pp

(¿1870 b?: 1894): *Aves nuevas de Galicia*. A Coruña, Impr. V. Abad, 11 pp e 2 lámns.

(1877): Catálogo de Anfibios y reptiles de Galicia. *Anales Soc. Esp. Hist. Nat.*, VI: 349-358.

(1878a): Die Orthopteren der Spanisch-Portugiesischen Halbinsel. *Stettiner Entomologische Zeitung*, 7-9: 365-376.

(1878b): Ephippiger du Nord de l'Espagne. *Ann. Soc. Entom. Belg.*, XXI: LXX-LXXIV.

(1878c): Sur la destruction par les Termites d'un navire de guerre spagnole au Ferrol. *Ann. Soc. Entom. Belg.*, XXI: CCXXV-CCXXVII.

(1878d): *Notas para la fauna gallega*. Ferrol, Impr. de "El Eco Ferrolano", 16 pp

(1879): Description de deux orthoptères nouveaux d'Espagne. *Bulletin Soc. Entom. Suisse*, V: 485-487.

(1880): Neue Boidengattung und Art von den Philippinen. *Senckenb.*

144 Nalgunha aparece a data indicada polo autor entre interrogantes e, a carón, a data que se lle atribúe agora.

Naturf. Gesellsch., **XII**: 217-223, 1 lám.

(¿1884?: 1885): *Identidad de Lacerta schreiberi (Bedriaga) y Lacerta viridis var. gadovi (Boulenger) e investigaciones herpetológicas de Galicia*. A Coruña, Impr. V. Abad, 19 pp.

(1885): On two forms of *Rana* from N.W. Spain. *The Zoologist*, May; separata, 4 pp

(1890): Nouvelle espece de Batracien Anoure des Iles Philippines. *Mémoires de la Société Zoologique de France*, **III**: 206-210, 1 lám.

(¿1891?: 1894): *Examen crítico de las Perdices de Europa, particularmente de las de España y descripción de dos nuevas formas de Galicia*. A Coruña, Impr. Vicente Abad, 33 pp e 6 lámns.

(1894): Sur deux nouvelles formes de Perdrix d'Espagne. *Mémoires Société Zoologique France*, **VII**: 92-97.

(1897): Bosquejo histórico de la Botánica española.

In Merino, B. *Contribución a la Flora de Galicia. La vegetación espontánea y la temperatura en la cuenca del Miño*: VII-XVII. Tui, Tip. Regional.

**CONTESTACIÓN A CARGO DO
EXMO. SR. D. XOSÉ RAMÓN BARREIRO FERNÁNDEZ,
MEMBRO NUMERARIO DO INSTITUTO**

Exmo. Sr. Alcalde.

Queridos compañeiros do Instituto "José Cornide".

Donas e cabaleiros:

Que o científico máis coñecido de Galicia no século XIX, Víctor López Seoane, sexa o obxecto do discurso de ingreso nesta corporación do máis destacado historiador das ciencias naturais de Galicia, o Dr. Fraga Vázquez, é unha grande honra para o Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses que hoxe o acolle, por ser esta Institución a depositaria da biblioteca científica de López Seoane.

D. Xosé A. Fraga Vázquez, doutor en Bioloxía pola Universidade de Santiago de Compostela, catedrático de Bioloxía e Xeoloxía no instituto coruñés de Monelos, é autor dunha ampla e recoñecida investigación.

Na década dos anos oitenta do século pasado irrompeu na universidade compostelá unha xeración de universitarios que iniciaron a fermosa aventura de investigar a historia das ciencias naturais de Galicia. Non carecían de antecedentes. Aínda non se esvaecera a memoria dos catedráticos Máiz Eleizegui e Vidal Abascal, pioneiros na investigación das historias da Farmacia e das Matemáticas, e estaban moi presentes os traballos dos catedráticos Díaz-Fierros e Delfín García Guerra, que se nos foi cando tanto se agardaba da súa capacidade e paixón investigadora no campo da historia da Medicina.

Presentouse, pois, esta nova xeración que estaba formada, entre outros, por Fraga Vázquez, Manuel Bermejo Patiño, Rafael Sisto Edreira, Ricardo Moreno Castillo, Lourenzo Fernández Prieto e Ánxela Bugallo Rodríguez. Con esa paixón propia da xuventude pero sobre todo, cunha metodoloxía depurada, un espírito crítico, con independencia de xuízo e amor a Galicia, foron capaces de crear un grupo de traballo que atopou acubillo institucional no Seminario de Estudos galegos, como Grupo de

Traballo Interdisciplinar Ramón María Aller e que contou coa protección sempre xenerosa de Isaac Díaz Pardo.

Dende o primeiro momento foi Fraga Vázquez o impulsor, animador e líder do grupo.

No exercicio dunha metodoloxía interdisciplinar e cunha pretensión divulgativa ofreceunos este grupo a primeira síntese biográfica dos científicos galegos no *Diccionario Histórico das Ciencias e das Técnicas de Galicia* (dous tomos publicados en 1993 e 2005). Posteriormente fundaron a revista *Ingenium* iniciada no ano 1994, e difundiron a historia científica galega non só a través dos seus traballos de alta investigación publicados na citada revista, senón tamén nunha serie de congresos galegos e internacionais nos que por vez primeira a comunidade científica puido escoitar nomes e obras de científicos galegos descoñecidos ou escasamente valorados.

Chegou un momento en que era tan visible xa o peso da historia das ciencias naturais que o Consello Editorial de Hércules de Ediciones, ao que me honro en pertencer, e que está a punto de rematar unha colección de enorme prestixio para Galicia, decidiu que os tomos dedicados á natureza (tomos 36 e seguintes) estiveran precedidos dun resumo da historia das ciencias, que se encargaron de redactar Fraga Vázquez e Díaz-Fierros, e dun estudo das máis importantes coleccións que se conservan en Galicia, elaborado por Ánxela Bugallo Rodríguez.

Por todo o que antecede comprenderán que, elixido polo Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses para dar resposta neste solemne acto ao discurso de recepción do Dr. Fraga Vázquez, deba comezar por manifestar a miña satisfacción por tal designación e, así mesmo, o meu agradecemento por darme a oportunidade de manifestar publicamente o meu apreio intelectual e humano por Fraga Vázquez, un esclarecido investigador que noutro país de maior tradición científico-humanista, no que non pesaran tanto os tabiques e as servidumes departamentais nin se vira afectado pola esclerose burocrática, tería que ser o titular dunha cátedra universitaria de Historia das Ciencias Naturais de Galicia.

No discurso do Dr. Fraga Vázquez hai dúas partes ben diferenciadas: na primeira, faise un resumo das achegas científicas de López Seoane enmarcadas na súa evolución biográfica. Na segunda, enuméranse unha serie de perversións no labor científico do noso autor que lle van merecen-

do ao Dr. Fraga Vázquez distintas valoracións, como acabamos de escoitar. É mágoa que os valores dun científico tan destacado como López Seoane aparezan abafados por unha conduta ética reprochable.

Coincidimos con Fraga Vázquez na descrición do perfil psicolóxico do noso autor, mesmo achegando novas informacións procedentes do epistolario de López Seoane con Manuel Murguía: narcisismo intelectual, irreprimible afán de protagonismo e notoriedade e un vitimismo por non ser recoñecido ou valorado de acordo cos seus méritos.

Pero máis importante que a diagnose da súa conduta é o estudo das circunstancias, é dicir, o marco referencial no que agroman eses sentimentos que configuran tal conduta.

En primeiro lugar, López Seoane vive, crece e investiga en Galicia, é dicir, nun país afastado das correntes científicas que preocupan en Europa, onde non existe un centro de altos estudos científicos nos que integrarse, sen a presenza dun mestre con autoridade recoñecida que o dirixa, que lle ensine os métodos máis axeitados, que lle proporcione libros e revistas da súa especialidade, un país, en fin, no que haxa unha estimación do que significa a dura investigación científica.

Só na Universidade de Santiago de Compostela hai algúns profesores cos que podería quizais dialogar, pero nin Planellas Giralt, nin Jerónimo Macho tiñan para el a suficiente autoridade como para constituírse en mestres seus.

Iso explica a súa aversión ao país galego. En carta a Murguía do 15 de agosto de 1863 dille:

Amigo mío, este país es la excepción de los países; aquí quieren dinero pues la ciencia les sobra y estorba [...] Te digo que rabio por salir de aquí, de la imbécil, grosera y altamente maliciosa patria mía. Amo con delirio el país pero no soporto la envidia y maldad de los paisanos.

Outros intelectuais, como Rosalía e Murguía, por referírmonos a dous contemporáneos seus, tamén sentiron a incompreensión e a insolidariedade en Galicia, pero estes, a diferenza de López Seoane, foron capaces de sublimar estes sentimentos e non os levou a un desarraigo da terra, senón máis ben a un compromiso sentimental e intelectual con Galicia para devolverlle a ese pobo a súa autoestima, a súa rexeneración. E iso foi posi-

ble porque tiñan fe nese pobo, na súa capacidade rexeneradora, en definitiva, porque o amaban co amor desesperado co que se ama unha patria. Por iso a máquina trituradora do tempo, que selecciona case maxicamente os depósitos da memoria histórica dos pobos, respectou a uns e non a outros. Uns quedan para sempre na memoria colectiva, a outros hai que recuperarlos, e a maioría non son máis que detritos de historia.

En segundo lugar, López Seoane investigou nun momento no que por todas as partes se impuña a síndrome da novidade, e de ser o número un. Os exploradores que penetraban nas selvas de África querían chegar os primeiros aos países descoñecidos para poñerlles os seus nomes ás serras, aos vales, aos ríos, esquecendo que as serras, os vales e os ríos xa tiñan de sempre os nomes propios. A loita entre os exploradores e os escaladores para ser os primeiros corre parella á loita entre os investigadores. E isto, evidentemente, axudou ao avance da sociedade pero xerou non poucas inxustizas. O primeiro era o que pasaba á historia, os demais formaban xa parte do pelotón. E iso interiorizouse na psique de todos os investigadores, alemáns, ingleses, franceses, italianos, e tamén españois e galegos.

Mergullados nese complexo mundo de egoísmos e de narcisismos intelectuais, aqueles que traballaban á marxe dos grandes centros investigadores tiñan que sobreactuar as súas achegas, as súas investigacións para ser alguén nese palenque da vida de intelectual.

O illamento produce case sempre no intelectual unha especie de síndrome robinsoniana que consiste en alimentar o propio illamento pero xa con categoría case heroica, coma se dixera: fixédevos no que perdedes se eu, illado e todo, podo producir isto, qué sería capaz de facer noutras circunstancias. É dicir, xa non se vive tanto para a ciencia como para sorprenden e, ao mesmo tempo, para acusar a sociedade de incompreensión e malversación do xenio propio.

Durante anos López Seoane foi capaz de sobrepoñerse á súa condición de trasterrado da nación científica grazas ás cartas que de cando en vez recibía dun sabio, a unhas notas, a un libro dedicado por Haeckel ou por outro dos que el consideraba mestres. Pero a súa boa disposición non caeu nunca no fanatismo. O seu orgullo obrigábao a medir as palabras das cartas que recibía, das adulacións e felicitacións. E cando estas non o satisfacían, porque non se axustaban á alta idea que tiña de si mesmo, reac-

cionaba violentamente. O 12 de marzo de 1880 escribelle a Murguía comunicándolle que o Dr. Fisher "una de las lumbreras alemanas de primera fuerza y catedrático de la Universidad de Friburgo", que estaba a escribir unha prehistoria de Europa pediulle nomes de investigadores de España para dirixirse a eles e solicitarlles información. López Seoane deulle, entre outros, o nome de Murguía "Tu nombre —escríbelle a este—, fue de los primeros que le cité con el encomio, que no debes agradecerme, porque lo mereces". Prégalle, pois, que colabore proporcionándolle ao sabio Fischer todo o que lle pida porque está convencido de que a súa obra "como todas las suyas, será monumental".

Non pasaran aínda tres meses e o 19 de xuño do mesmo ano escribelle novamente a Murguía nestes termos: "Te escribo para decirte que nuestro alemán es un canalla al que le serví grandemente [...] La culpa la tenemos nosotros en ser tan galantes con los embrollones del yo [...]" e reitéralle que "no caigas en la red, que llevarías otro desengaño más de un animal".

O que provocou as iras de Víctor non foi outra cousa que os comentarios críticos e ao mellor pouco afortunados de Fischer sobre o nivel científico español e a carencia de grandes investigadores en distintos ramos. López Seoane sentiuse comprendido nesa crítica e a súa reacción foi a que acabamos de expoñer.

Todo o que antecede axúdanos a situar e posiblemente a interpretar máis axeitadamente as estratexias empregadas por López Seoane, algunha das cales non parece axustarse á ética científica.

Xa para concluír, permitímonos facer dúas últimas consideracións:

Que co mesmo celo empregado coa obra de López Seoane, os investigadores deberían entrar polo miúdo nos escritos, apuntamentos, etc. dos seus contemporáneos e é posible que nalgúns casos atopemos tamén algunhas desviacións á norma ao código intelectual. Non facelo así partindo do suposto de que tal aberración non é posible en tales sabios é unha *petitio principii* porque é supoñer o que cómpre demostrar. O caso da colaboración de Oskar Boettiguer parece demostrar que en Europa os científicos tamén cometían fraudes.

En segundo lugar, hai un principio elemental na lóxica: que as conclusións non deben ser máis xerais ou estenderse máis aló do valor das premisas. Quere isto dicir que polo feito de constatar algunha corruptela nin

toda a obra de López Seoane queda contaminada nin se pode negar a súa cualitativa achega ás ciencias no século XIX.

Sexa benvido a esta institución o Dr. Fraga Vázquez, unha casa que xa é a súa porque sempre estivo aberta para el e para os investigadores. Estamos seguros de que a súa incorporación significa un cualitativo enriquecemento porque ninguén como el traballou tanto na historia científica de Galicia.

